

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 25 de maio de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de maio de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(473).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria do 12 de maio de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(474).- PROPOSTA PARA PRESTAR CONFORMIDADE ÁS ACCIÓNS DO “III PLAN LOCAL DE DROGAS E OUTRAS ADICCIÓNS DE VIGO (PLDA) 2011-2016” E MANTEMENTO DA SÚA VIXENCIA. EXPTE. 62869/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/05/17 asinado polo xefe do Servizo de Cedro, o asesor xurídico adxunto á

Xefatura de Benestar Social, a xefa da Área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

## I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O 29.07.2002 o Pleno do Concello de Vigo aprobou por unanimidade o denominado «Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) 2002-2004», no que participaron asociacións e entidades vinculadas coa prevención, asistencia e incorporación social de drogodependentes.

O PLDA 2002-2004 contemplaba unha serie de directrices, criterios, medidas e accións para traballar diversos obxectivos de mellora na prestación dos servizos de asistencia e incorporación, así como de implementación de medidas de prevención. Por outra banda, supoñía o compromiso e vontade das entidades asinantes de levar adiante as accións propostas e coordinar os recursos existentes, tanto de cada asociación como do propio Concello.

O PLDA contemplaba tamén a figura dun *Director técnico* e dunha *Oficina técnica* para o seu desenvolvemento. Este PLDA desenvolveuse, como estaba previsto, ata o ano 2004, sendo posteriormente prórrogado ata a aprobación do seguinte Plan.

Se cadra, a acción máis transcendente do PLDA 2002-2004, pola súa contribución á mellora do coñecemento sobre a realidade do problema das adiccións na nosa cidade e polas súas propostas concretas sobre estratexias e accións para afrontar a situación, foi a realización do primeiro estudo epidemiolóxico sobre consumo de drogas e outros problemas adictivos en Vigo no ano 2004.

I.2. En efecto, en novembro de 2005, o profesor Elisardo Becoña, da Universidade de Santiago de Compostela, fixo entrega do "*Estudio epidemiolóxico sobre consumo de drogas e outras adiccións en xóvenes de 14 a 21 anos no Concello de Vigo*", financiado pola «Fundación Pedro Barrié de la Maza», no que se realizaba un completo diagnóstico sobre o estado da situación do consumo de drogas na nosa cidade e contiña unha proposta de medidas preventivas específicas a ter en conta en programas futuros.

Esta investigación permitiu dispor, por primeira vez, de datos específicos sobre a realidade do problema no ámbito territorial de Vigo; fonte de información fundamental para o deseño das estratexias de prevención e asistencia adaptadas ás necesidades reais e específicas da nosa cidade.

I.3. Con data 12.06.2006 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o «II Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) 2006-2008» (Exp. nº 16204/301) que pretendía ser -ante todo- un instrumento de coordinación entre as entidades prestatarias dos servizos e as diferentes Administracións implicadas para lograr unha maior coherencia e efectividade nas accións desenvolvidas a nivel local.

Aprobouse tamén o inicio dos expedientes administrativos necesarios para a creación do *Consello Sectorial sobre Drogodependencias e outras Adiccións* e para a creación e dotación da Oficina técnica vinculada ó desenvolvemento do PLDA.

O documento proporcionou unha análise diagnóstica sobre a realidade específica das condutas adictivas no ámbito territorial de Vigo e propuxo diversos obxectivos, estratexias e ac-

cións concretas para cada unha das áreas de traballo: organización, prevención, asistencia e incorporación social.

Para a elaboración do PLDA 2006-2008 o persoal técnico participante tivo en conta, ademais do coñecemento derivado da súa práctica profesional, a experiencia do anterior PLDA 2002-2004, as conclusións do primeiro estudo epidemiolóxico sobre consumo de drogas e outros problemas adictivos en Vigo e as achegas realizadas polas persoas asistentes ás V Xornadas do PLDA a través dos grupos de traballo organizados para o efecto.

Ademais do reforzo e consolidación da súa propia estrutura organizativa, o PLDA 2006-2008 centrou a maior parte dos seus esforzos no deseño dunha estratexia común en materia de planificación e execución de programas preventivos na cidade, a consolidación e implementación dos recursos dirixidos ós colectivos máis vulnerables, a coordinación cos servizos sociais municipais, a mellora da calidade asistencial e a formación de profesionais e mediadores sociais.

I.4. En febreiro de 2009 publícase a nova «Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016» (BOE nº 38, do 13.02.2009) e, un ano despois (febreiro/2010), o seu «Plan de Acción sobre Drogas 2009-2012».

A Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 sinalaba que o éxito da política xeral de drogas requiría da cooperación das Administracións locais. Así, no seu Plan de acción sobre drogas 2009-2012 establecíase o obxectivo de impulsar a coordinación e cooperación entre a Delegación do Goberno para o PND e as Administracións autonómica e local mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa estratexia nacional.

I.5. O 30.12.2009, o Consello da Xunta de Galicia aprobou manter vixencia do «Plan de Galicia sobre Drogas (PGD) 2007-2009», posteriormente prorrogado en 2010, en tanto non se aprobase o seguinte Plan.

Con relación ás Administracións locais, o PGD 2007-2009 establecía as seguintes atribucións:

- O desenvolvemento de políticas específicas de prevención en materia de drogodependencias, fundamentalmente no ámbito comunitario, así como as orientadas a favorecer a integración social das persoas usuarias das drogas mediante o desenvolvemento de plans de formación profesional e emprego.
- A elaboración e posta en marcha de medidas de limitación da oferta e dispoñibilidade de drogas, fundamentalmente daquelas de carácter legal.
- A execución da función inspectora e a potestade sancionadora, así como a cooperación da policía local.
- A coordinación das intervencións en materia de drogas realizadas a nivel local.

Con relación ós plans municipais sobre drogodependencias, o PGD 2007-2009 consideraba relevante a posta en marcha ou continuidade, de ser o caso, deste tipo de plans nas sete cidades de maior entidade poboacional de Galicia. Estes concellos debían dispor de partidas e aplicacións orzamentarias propias para este obxectivo, sen prexuízo do financiamento que puidesen recibir a través de convenios de colaboración coa Consellería de Sanidade ou doutras Administracións, para a execución das medidas recollidas nos respectivos plans municipais.

Ademáis, especificábase a programación centrada na prevención e incorporación social como áreas fundamentais de actuación dos plans municipais. En determinados casos, de acordo coas prioridades establecidas no marco do PGD, poderíanse pór en marcha servizos asistenciais de drogodependencias de carácter local.


I.6. O 20.09.2010, a Xunta de Goberno Local acordou validar as accións realizadas desde a finalización da vixencia do «II Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) 2006-2008» ata esa data e prorrogar a súa vixencia ata seis (6) meses despois da aprobación do seguinte «Plan de Galicia sobre Drogas» (Exp. nº 57192/301).

I.7. O 30.12.2010 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o «Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016». No ámbito da coordinación institucional, o PTAG 2011-2016 establecía o obxectivo de intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante unha serie de obxectivos específicos e, coas liñas estratéxicas e actuacións que se desenvolverían en Galicia, completou o panel de documentos de referencia para la elaboración final do III PLDA de Vigo.

I.8. O 16.05.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar o «III Plan Local de Drogas e outras adiccións do Concello de Vigo 2011-2016» e dar conta ó Pleno do seu contido (Exp. Nº 62869/301). O PLDA 2011-2016 foi, de novo, o produto da vontade común das organizacións sociais e dos servizos municipais vinculados á atención das persoas con trastornos adictivos de Vigo para lograr a máxima coordinación entre os seus recursos e a coherencia nas actuacións das persoas, profesionais, institucións e entidades adicadas á asistencia, prevención e incorporación social en materia de adiccións na cidade de Vigo.

Segundo as directrices temporais dos documentos de referencia do Plan nacional e do PTAG, o III PLDA establece a súa vixencia para o período 2011–2016 pero se propón a realización dunha avaliación de proceso, para revisar obxectivos e estratexias, no segundo semestre de 2013.

O organigrama funcional da estrutura do PLDA é o seguinte:



I.9. O 31.01.2013 apróbese o Plan de acción sobre drogas 2013-2016 do Plan Nacional sobre Drogas.

I.10. Así pois, no ano 2016 prodúcese unha confluencia na finalización dos períodos de vixencia establecidos para os distintos plans estratéxicos, tanto nacional como autonómico e local, sen que ata a data se publicasen aínda as correspondentes avaliacións e os respectivos plans para os próximos anos.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).

- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas.
- Orde do 25 de xaneiro de 2008, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* da Xunta de Galicia, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social.
- Resolución do 02.02.2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a «Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016».
- «Plan de Trastornos Aditivos de Galicia (PTAG)» 2011-2016, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 30.12.2010.

### III. INFORME

III.1. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

III.2. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das administracións competentes para a normalización destes recursos e a súa adecuada financiación e a mellora das infraestructuras e os recursos humanos dos recursos xa existentes.

III.3. Cómpre salientar que o Plan integral de prevención de drogodependencias e outras condutas adictivas na cidade de Vigo, no marco do «III Plan Local de Drogas e outras Adicións de Vigo (PLDA) 2011 – 2016», foi merecedor en 2014 do **1º Premio de Boas prácticas outorgado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)**, xunto coa Deputación provincial de Huelva e o Concello de Sta. Coloma de Gramanet.

III.4. Finalizada a vixencia do PLDA 2011-2016, é necesario levar a cabo o proceso para a súa avaliación e a elaboración dun novo Plan Local que, á súa vez, debería manter unha coherencia cos obxectivos e accións dos futuros «Plan de Trastornos Aditivos de Galicia» e «Estratexia Nacional sobre Drogas».

III.5. Así as cousas, mentres non se dispoña dese novo marco de planificación estratéxica resulta necesario continuar o desenvolvemento das accións consolidadas nas diversas áreas de intervención: organización, prevención, asistencia e incorporación social.

### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,  
«ACORDO

PRIMEIRO: Prestar conformidade ás accións realizadas desde a finalización da vixencia do «III Plan Local de Drogas e outras Adicións de Vigo (PLDA) 2011 – 2016» ata a data de hoxe.

SEGUNDO: Manter a vixencia do «III Plan Local de Drogas e outras Adicións de Vigo (PLDA) 2011 – 2016» ata seis meses despois da aprobación do próximo Plan de Galicia sobre drogas».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(475).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E UBAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 139557/301.**

Visto o informe de fiscalización do 19/05/17, dáse conta do informe-proposta do 5/05/17, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada da Área de Política Social e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 04.07.2014, acordou adxudicar á mercantil “Eulen Seguridad, S.A.” o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia en CEDRO e UBAS por un prazo de 2 anos (prorrogable), contado desde o 01.08.2014 por un prezo total de 133.584 €.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 31.07.2014 , prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

I.3. Tanto no contrato como no PCAP prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

I.4. A data efectiva de inicio deste contrato fixouse no 01.08.2014, polo que o acordo municipal para a primeira prórroga debía producirse necesariamente antes do 01.08.2016, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.5. Así, en efecto, a XGL en sesión extraordinaria e urxente do 29.07.2016 (Exp. nº 120815/301), adoptou o seguinte acordo:

*«PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.08.2016 e ata o 31.07.2017, o contrato do servizo de seguridade en CEDRO e UBAS adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 04.07.2014 á mercantil “Eulen Seguridad, S.A.” (CIF nº A-28369395) e formalizado en documento administrativo o 31.07.2014 , de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto de 66.792,00 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de "Eulen Sesguridad, S.A.", coa revisión do IPC que proceda, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.01.00. e a súa bolsa de vinculación...».*

I.6. Tramítase agora o expediente administrativo para a 2ª prórroga co nº 139557/301 (2017) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concellería delegada da Área de Política Social do 03.05.2017, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil "Eulen Seguridad, S.A." e (parte) do Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 25.04.2017 (doc. nº 170059457) polo representante de "Eulen Seguridad, S.A.", D. José Miguel Serantes Maceiras, solicitando a prórroga do contrato (periodo 01.08.2017 – 31.07.2018).

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RDLEX.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLEX.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### 1. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán



unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das faendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúisen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

### III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E UBAS: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas.

III.2.2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrencia para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

III.2.3. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.4. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquél, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.5. O contrato formalizado con “Eulen Seguridad, S.A.” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio. Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

A vixencia inicial deste contrato remataba o 31.07.2016 e foi ampliada, como dixemos, mediante acordo da XGL do 29.07.2016 para o periodo 01.08.2016 – 31.07.2017, polo que o acordo municipal para unha 2ª prórroga deberá producirse, necesariamente, antes do 01.08.2017.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de CEDRO como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar unha segunda (2ª) prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria, en xeral, a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de asegurar a continuidade deste servizo. Xustifícase a súa existencia na necesidade de garantir a seguridade tanto das persoas usuarias como dos/as traballadores/as de CEDRO e UBAS e das súas instalacións.

III.3. A segunda prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal subscrito o 31.07.2014, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación.

III.4. Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada pois a única variación do prezo prevista será a derivada da aplicación da fórmula de revisión de prezos

(cláusula 7 PCAP e Apdo. 4.c] FEC), que non ten a consideración nin, polo tanto, os efectos dunha verdadeira modificación do prezo contrato (Arts. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).

III.5. O gasto representado por esta prórroga, que sería de 67.393,13 € (coa revisión do IPC que proceda), podería imputarse, agás indicación noutro sentido da Intervención xeral, á aplicación nº 3112.227.01.00 dos vixentes orzamentos municipais.

III.6. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación, deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado pola 2ª prórroga.

III.7. A competencia para aprobar a prórroga deste contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.Adic. 2ª TRLCSP).

#### IV. CONCLUSIÓNS

Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar, por segunda vez e por un (1) ano máis, o contrato celebrado o 31.07.2014 polo Concello de Vigo coa entidade “Eulen Seguridad, S.A.”, toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato administrativo de servizos formalizado para a prestación do servizo de seguridade e vixilancia en CEDRO e UBAS permanecerán inalterables.
- Constan neste informe, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican a segunda prórroga proposta.
- Consta a aceptación formal do contratista.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.08.2017 e ata o 31.07.2018, o contrato de servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e UBAS adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 04.07.2014 á mercantil “Eulen Seguridad, S.A.” (CIF nº A-28369395) e formalizado en documento administrativo o 31.07.2014, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 67.393,13 € que representa esta segunda prórroga anual a favor de "Eulen Sesguridad, S.A.", coa revisión do IPC que proceda, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.01.00. e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(476).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA". EXPTE. 18570/332.**

Dáse conta da proposta de data 22/05/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de maio de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *10.- Propostas de clasificación*

*a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa "VIGO EMPREGA" (18.570-332)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa "VIGO EMPREGA" (18.570-332) na seguinte orde descendente:*

LOTE Nº 1 formigóns, morteiros, etc.

<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>100,00</i>
<i>TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.</i>	<i>86,67</i>
<i>GARCI VENTA, S.L.</i>	<i>53,33</i>

<i>LOTE Nº 2 materiais de albanelería e sanitarios</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.</i>	<i>100,00</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>89,47</i>
<i>GARCIVENTA, S.L.</i>	<i>14,55</i>

<i>LOTE Nº 3 materiais para carpintería de madeira</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.</i>	<i>100,00</i>
<i>GARCIVENTA, S.L.</i>	<i>3,17</i>

<i>LOTE Nº 4 materiais para carpintería de aluminio</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>100,00</i>

<i>LOTE Nº 5 materiais para fontanería e saneamento</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>ICOGA, S.L.</i>	<i>100,00</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>80,22</i>
<i>TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.</i>	<i>80,22</i>
<i>GARCIVENTA, S.L.</i>	<i>68,57</i>

<i>LOTE Nº 6 material para instalacións eléctricas</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>100,00</i>
<i>GARCIVENTA, S.L.</i>	<i>25,71</i>

<i>LOTE Nº 7 aluguer de maquinaria</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>100,00</i>

TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	86,39
GARCIVENTA, S.L.	9,06

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 4, 6 e 7), TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 2 e 3) e ICOGA, S.L. (lote 5), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.150,56 euros (164,37 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(477).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMO A FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO. EXPTE. 948/611.**

Visto o informe xurídico de data 4/05/17, o informe de fiscalización do 12/05/17, dáse conta do informe-proposta do 11/05/17, asinado polo director técnico de Deportes, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES.**

Con data 23 de xaneiro de 2017, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a contratación de ADQUISICIÓN POSTA EN FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMA A FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO.

No expediente inclúense os seguintes documentos

1. Informe da necesidade do contrato asinado polo Director Técnico o 19 de xaneiro de 2017.

2. Resolución de inicio do expediente asinada polo concelleiro delegado de Deportes o 23 de xaneiro de 2017.
3. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director técnico de 11 de abril 2017  
Memoria xustificativa do contrato asinada polo Director Técnico de 11 de abril de 2017 e polo Concelleiro de deportes o 13 de abril de 2017.
4. Informe asinado pola Técnica de Contratación o de 19 de abril de 2017 sobre a comprobación documental do expediente.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado o 3 de maio de 2017 pola Xefa do Servizo de Contratación.
7. Informe favorable da titular de asesoría xurídica de data 4 de maio de 2017.

## **2.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.**

### **1º.- Obxecto e natureza do contrato:**

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto a definición das características técnicas que deberán reunir as **13 unidades de desfibriladores** semiautomáticos externos - DESA, cos **seus respectivos botiquíns, os elementos necesarios para o seu funcionamento, segundo o anexo II do Decreto 38/2017, as cabinas estancas respectivas con sistema de telefonía por tarxeta, a súa posta en funcionamento nas instalacións deportivas municipais, inscrición no rexistro da consellería competente en materia de sanidade de Galicia, o seu mantemento durante o período de garantía, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso**, segundo se recolle no Decreto 38/2017, de 23 de marzo, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza polo que se regula a utilización dos desfibriladores externos, e se crea o seu rexistro.

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O contrato, polo seu obxecto, será u contrato de subministros, previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

### **2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:**

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

De acordo co estipulado no artigo 15 do TRLCSP, o presente contrato non está suxeito á regulación harmonizada.

### **3.- Orzamento base de licitación:**

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establece en base os seguintes aspectos:

3.1.-Datos do custo dos equipos a subministrar, formación, sinalética, mantemento e instalación.

Atendendo aos prezos de mercado considerase o desglose do seguinte modo.

CONCEPTOS	IMPORTE con iva	%
13 unidades de desfibrilador, caixa proteccion e eléctrodos	28.470,19 €	81,3%
4 xornadas de formación 70 persoas.	2.212,6 €	6,3%
Sinaletica 13 instalacións.	1.300,00 €	3,7%
Mantemento durante tres anos	2.321,42 €	6,6%
Instalación 13 equipos	695,79 €	2,0%
total	35.000,00 €	100%

–Orzamento base de licitación:

Importe da totalidade do contrato estímase en 35.000 € con IVE, sendo o importe correspondente o iva (21%) de 6.074,38 €.

**4.- Financiamento do contrato:**

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establece estimase en 28.925,62 € € sen IVE, e un importe correspondente o iva (21%) de 6.074,38 € o cal totaliza un importe de 35.000,00 € con IVE (21%)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, incluídos nas aplicacións orzamentarias:

3420 6290001	INSTALACION DESFIBRILADORES EN INSTALACIONES. DEPORTIVAS	35.000,00 €
-----------------	---	-------------

**5º.- Revisión de prezos.**

Non procede.

**6º.- Xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril.**

O gasto proposto, establece de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no



orçamento do ano 2017 dentro do programa orzamentario "3420". Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

## **7.- Clasificación dos licitadores**

Non se exige.

## **8º.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:**

En canto á solvencia económica, financeira e técnica, debemos atender o disposto nos artigos 75 e 77 do TRLCSP, polo cal dita solvencia deberá ser exigida en relación os seguintes aspectos:

### Solvencia económica e financeira:

Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o negocio, polo cal os mesmos deberán ter unha referencia directa cos subministros do contrato ou vinculados no ámbito médico-sanitario.

### Solvencia técnica e profesional:

a) Relación dos principais subministros efectuados durante os cinco últimos anos, indicando importe, datas e destinatario público o privado dos mesmos. Os subministros efectuados acreditaráanse mediante certificados expedidos o visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa una entidade do sector público o cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por éste o, a falta de este certificado, mediante una declaración do empresario.

## **9º.- Criterios de valoración e xustificación:**

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adjudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación os aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considerase oportuno estipular unicamente criterios de valoración mediante formula, os cales están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para mellor a relación calidade/prezo de cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, para o cal se elixen o prezo e o incremento do prazo de garantía co obxecto de que as empresas instaladores se implique no mantemento técnico legal dos equipos.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa economicamente, se procederá a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación:

A.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Non se aplican.

B.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

Para o proceso de avaliación mediante fórmula, optase pola identificación dos seguintes criterios que de forma global representan aspectos relevantes e identificadores de calquera das propostas presentadas e que teñen unha incidencia directa sobre o obxecto do contrato.

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán **unha puntuación máxima de 100 puntos** que serán distribuídos nos seguintes criterios:

**b.1.- O prezo ofertado sobre o importe do contrato:**

O prezo ofertado polos licitadores sobre o importe do contrato, valorarase ata un máximo de **OITENTA (80) puntos**, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación do contrato (sen IVE) o prezo ofertado polo licitador para o contrato (en euros sen IVE) e expresado en porcentaxe sobre o orzamento base de licitación do contrato (IVE excluído).

Para a determinación da avaliación das ofertas presentadas serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Bi - (0,8 * Be)$$

$$Pe = 72 + 8 * \left( \frac{\quad}{0,2 * Be} \right)$$

$$0,2 * Be$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Bi - (0,55 * Be)$$

$$Pe = 65 + 7 * \left( \frac{\quad}{0,25 * Be} \right)$$

$$0,25 * Be$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$

$$Bi$$

$$Pe = 65 * \left( \frac{\quad}{0,55 * Be} \right)$$

$$0,55 * Be$$

Sendo:

Pe = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 80,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) do contrato, e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído) do contrato, expresado en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación do contrato (IVE excluído).

Be= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación do contrato (IVE excluído), de todas as admitidas.

**B.2.- Incremento do prazo de garantía:** valorarase con ata 20 puntos

A ampliación do prazo de garantía dos equipos subministrados, respecto do mínimo esixido no PPTP (24 meses), deberá expresarse en meses enteiros, e se valorará aplicando as seguintes fórmulas:

> Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8*Ge < Gi \leq Ge$

$$Pe = 16 + 4 * \left( \frac{Gi - (0,8 * Ge)}{0,2 * Ge} \right)$$

> Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Ge < Gi \leq 0,8*Ge$

$$Pe = 12 + 4 * \left( \frac{Gi - (0,55 * Ge)}{0,25 * Ge} \right)$$

> Para garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Ge \leq Gi \leq 0,55 * Ge$

$$Pe = 12 * \left( \frac{Gi}{0,55 * Ge} \right)$$

Sendo:

Pe = Puntuación da oferta a económica: entre 0,00 puntos e 20 puntos.

Gi = Oferta do Incremento de garantía ofertado (en meses enteiros) para a que se quere determinar a puntuación a calcular.

Ge= A oferta do incremento de garantía de maior número de meses.

**10.- Garantía complementaria:**

En relación a peculiaridade deste contrato, procede solicitar a constitución dunha garantía complementaria cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sobre os equipos subministrados, sexa superior a media dos ofertados polos licitadores admitidos, polo cal o adxudicatario deberá constituír como garantía complementaria o importe que corresponda de acordo ca seguinte fórmula:

$$\frac{(Gof - Gm)}{12} = \% \text{ de incremento da garantía complementaria}$$

Onde:

**Gm**= Media das garantías das ofertas admitidas na licitación (garantía mínima do prego + media do incremento proposto polos licitadores admitidos) en meses enteiros.

**Gof**= Garantía ofertada (Garantía mínima do prego + incremento proposto polo licitador) en meses enteiros.

Este valor indicará a porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.

De acordo co artigo 95.2 do TRLC o importe máximo da garantía complementaria non poderá superar o 5% do importe de adxudicación do contrato.

### **11º.- Subcontratación.**

Considerase oportuno a autorización da subcontratación para o desenvolvemento das actividades de formación e o mantemento.

### **12.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.**

Non se considerarán ofertas anormais ou desproporcionadas.

### **13.-Prescricións técnicas particulares:**

O Prego de prescrición tecinas, se anexa a este expediente e atopase redactado en base as peculiaridades técnicas dos subministros, formación, sinalética, instalación e mantemento.

## **III.-ASPECTOS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES:**

### **1.- Prazo de execución:**

O prazo de entrega para subministración e instalación dos equipos é de 60 días naturais contados dende a firma do contrato.

A formación atenderá a cuestións de planificación e deberá desenvolverse dentro dos 30 días naturais seguintes a subministración e instalación do equipos.

### **2.- Medios persoais e materiais:**

E responsabilidade da empresa adxudicataria poñer todos o medios persoais e materiais para o desenvolvemento do contrato.

### **3.- Modificación do contrato:**

Non se contempla.

### **4.- Responsable do Contrato:**

O responsable do contrato será o Director Técnico do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

### **5.- Seguro:**

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario nas operacións de instalación e mantemento dos equipos subministrados obxecto do contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

Nesta póliza deberán cubrirse os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución dos traballos e actividades obxecto do presente contrato.

## **6.- Facturación:**

O importe do prezo satisfaceráselle ó contratista unha vez subministrados os equipos con todos os seus elementos instalados e realizada a formación.

Achegarse coa factura unha memoria descritiva dos subministros instalados con fotografías das instalacións e memoria da formación.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

–UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES  
–OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN  
–ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO3.- PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da ADQUISICIÓN POSTA EN FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMA A FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a ADQUISICIÓN POSTA EN FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMA A FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO asinado polo Director Técnico de data 11 de abril de 2017.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 3 de maio de 2016.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 35.000,00 € con IVE, sendo o importe correspondente o iva (21%) de 6.074,38 €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes, para o ano 2017, incluídos na aplicación orzamentaria:

3420 6290001	INSTALACION DESFIBRILADORES EN INSTALACIONES. DEPORTIVAS	35.000,00 €
--------------	---	-------------

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(478).- PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTES 2017-2018”. EXPTE. 1048/611.**

Visto o informe xurídico do 7/04/17 e o informe de fiscalización do 12/05/17, dáse conta do informe-proposta do 5/05/17, asinado polo director técnico de Deportes, o concelleiro de Deportes e o concelleiro de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

*Con data 13 de Marzo emítase informe de necesidade do técnico de deportes.*

*Con data 13 de Marzo o Concelleiro delegado de Deportes dicta resolución de inicio de expediente.*

*Con data 31 de Marzo realízase informe técnico ca proposta do contido do programa así coma as bases de selección das Entidades Colaboradoras.*

*Con data 4 de Maio realízase informe técnico ca proposta do contido do programa así coma as bases de selección das Entidades Colaboradoras con modificacións solicitadas pola oficina de intervención.*

#### **2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.**

*Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local artigo 25 2.l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de, de racionalización e Sostenibilidade da administración Local.*

*Lei 5/1997, de administración local de Galicia artigo 80.2. n) , actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*

*Lei 10/1990 , do 15 de outubro , do Deporte.*

*Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover, e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*

*Lei 15/2015, do 24 de decembro.*

#### **3. CONTIDO XERAL DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2017-2018”**

A Concellería de Deportes, ten como obxectivo principal a Promoción e difusión do Deporte no eido da cidade de Vigo, co obxecto de dar cumprimento a lexislación sectorial específica en materia de deporte. Co fin de fomentar e difundir a promoción do deporte na iniciación deportiva propónse a realización do Programa Municipal de Escolas deportivas "Achégate ao deporte 2017-2018", vinculado as entidades deportivas da Cidade as cales son o vehículo de dinamización do deporte dentro do tecido socio deportivo. A través das cales se dá cumprimento ao programa a través dun convenio marco de Colaboración deste xeito dinamízase a actividade deportiva no entorno dos Entes deportivos. As entidades deportivas son a orixe da actividade deportiva e polo tanto a administración debe complementar dentro do ámbito das súas competencias a función subsidiaria que lle corresponde. No obstante as entidades que participen no Programa deben cumprir uns requisitos xerais mínimos para poder formar parte do mesmo, tales como.

Que veñan desenvolvendo con anterioridade e regularidade as súas propias escolas e contén con medios humanos necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas.

Estar arraigadas no tecido social do entorno ou vinculación con él.

As entidades deportivas que participan reúnen uns criterios mínimos de calidade para o desenvolvemento e ampliación da súa propia oferta deportiva.

Cumprir cos requisitos administrativos que permita ter relacións coa administración e que permita recibir as aportacións correspondentes obxecto do convenio.

Os obxetivos xerais que se pretenden co programa son os seguintes:

–Conquerir unha mellora da calidade da oferta deportiva.

–Potenciar a promoción e a práctica deportiva dos deportes minoritarios. Atender as novas demandas sobre a práctica deportiva que se propoñen nas idades que abrangue o programa.

–Potenciar o acceso a práctica deportiva as persoas con discapacidade.

–Consolidar unha oferta de competición recreativa para todos os nen@s que se atopan no desenvolvemento do programa.

–Fomentar e dinamizar a formación dos técnicos deportivos.

–Mellorar a calidade docente.

–Dinamizar a actividade deportiva nos colexios.

–Potenciar e promover o traballo das Entidades na promoción das súas modalidades deportivas.

–Dinamizar a prevención da saúde d@s deportistas.

–Fomentar hábitos deportivos saudábeis e actitudeis n@s nen@s dende as primeiras idades.

–Dinamizar a práctica deportiva cara a súa práctica na idade adulta

Co fin de alcanzar estes obxetivos o Programa Municipal de Escolas Deportivas para o período 2017-2018, desenvolverá os seguintes apartados:

- Escolas deportivas, de iniciación e perfeccionamento, a través das entidades deportivas do tecido asociativo
- Dinamización de actividades a través de tres Proxectos: "Gañamos todos", "Educa", "Falemos co Alcalde" e "Día da Muller"
- Programas de iniciación deportiva,. Novas demandas. Cursos de iniciación deportiva.
- Desenvolvemento de actividades puntuais lúdico recreativas como : festa do día do patín, festa do día da ximnasia rítmica, festa do Deportes de Combate, torneos de nadal, xornada de nadal de portas abertas o deporte.

- *Desenvolvemento de competicións internas como: competición de minibalonman, competición de fútbol 7, competición de baloncesto- liga linco, liga xl linco e outras que se determinen coas mesmas características.*
  - *Xogo e competición deportiva. Vigo en xogo. Competicións deportivas recreativas.*
  - *Deporte para discapacitados físicos e psíquicos.*
  - *Desenvolvemento de actividades formativas para os monitores das escolas deportivas.*
  - *Promover a continuidade do traballo realizado nas escolas deportivas das entidades*
- O desenvolvemento do Programa realizarase mediante a sinatura dun Convenio marco de Colaboración segundo se adxunta no informe das bases do mesmo.*

#### **4.- FINANCIAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS "ACHÉGATE AO DEPORTE 2017-2018.**

*Para o desenvolvemento orzamentario do Programa para a tempada 2017-2018 realizarase con cargo a partida 3420.226.09.01 cuxo importe ascende a 300.000,00 euros.*

*Para o desenvolvemento, plantéxase a necesidade de recursos económicos para poder afronta-lo desenvolvemento dos proxectos de convenios de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades colaboradoras como compensación polas contraprestacións que as mesmas aportan de forma indirecta o proxecto xeral e que ademais sirva esta contraprestación económica como colaboración a financiación das necesidades das entidades para poder garantiza-la calidade do programa e facilita-la accesibilidade o maior número de nenos e nenas interesados en iniciarse nalgunha modalidade das ofertadas.*

*Ante estas características, planteanse as seguintes cantidades económicas como base para o desenvolvemento do proxecto, tendo en conta os gastos realizados no orzamento 2016 e no orzamento 2017:*

<i>Gastos en recursos xerais</i>		<i>Gasto ano 2016 (4230 inscritos)</i>	<i>Gasto ano 2017 (4596 inscritos)</i>
	<i>Seguro de cobertura médica (anual):</i>	<i>17.795,00 €</i>	<i>17.997,00 €</i>
	<i>Seguros actividades vencelladas o Programa</i>	<i>1.800,00 €</i>	<i>(estimación) 1.800,00 €</i>
	<i>Material clausura de escolas:</i>	<i>14.372,00 €</i>	<i>(estimación)15.000,00 €</i>
	<i>Material Deportivo de escolas</i>	<i>28.906,05 €</i>	<i>(estimación) 5.000,00 €</i>
	<i>Participación de inscritos no Programa en eventos deportivos.</i>	<i>0 €</i>	<i>(estimación) 3.225,76 €</i>
	<i>Asistencia Técnica</i>	<i>6.250,04 €</i>	<i>6.250,04 €</i>
	<i>Libro de información programa (estimación):</i>	<i>8.080,20 €</i>	<i>(estimación) 8.080,20 €</i>
<b>TOTAL</b>		<b>77.203,29 €</b>	<b>57.453,00 €</b>



Convenios coas entidades deportivas:			
Programa Municipal 2015-2016	Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo 2016:	75.825,10 €	
	Período: Abril /maio 2016:	50.073,40 €	
Programa Municipal 2016-2017	Período: Outubro / Decembro 2016:	87.540,00 €	
	Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo 2017:		90.378,00 €
	Período: Abril /maio 2017 (estimación):		(estimación)60.252,00 €
Programa Municipal 2017-2018	Período: Outubro / Decembro 2017 (estimación):		91.917,00 €
	TOTAL	213.438,50 €	242.547,00 €
	TOTAL	290.641,79 €	300.000,00 €

Programa Municipal de Escolas Deportivas. Aportación económica para os Convenios no período de 2016-2017.

- Escolas programa anual	6,00 €/alumno mes.
- Módulos grupos especiais	120,00€/mes
- Colaboración de Técnicos deportivos na coordinación das Escolas Deportivas.	390,65€/técnico/mes.

Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas 2017-2018.

Para o Programa Municipal de Escolas deportivas 2017-2018 propónse manter as aportacións económicas para os Convenios nos importes establecidos o ano pasado.

O apartado de costes xerais do programa (seguros de accidentes, publicidade, material deportivo e regalos promocionais) que corresponde cunha estimación de 52.125,24 € no Programa do 2016-2017, so se vería afectado por un unha estimación de aumento na inscrición en relación co número total de inscristos no ano 2016-2017.

En relación o número de inscristos dos últimos anos detállase que

ano	inscristos	Incremento
2012-2013	3940	--
2013-2014	3850	-2,28 %
2014-2015	3945	+2,46 %
2015-2016	4230	+7,22 %
2016-2017	4596	+8,6 %
2017-2018	PREV 4825	PREV +5.0 %

En relación o importe dos convenios cas entidades deportivas detállase:

ano	Importe en convenios	Incremento
2013-2014	176.202,00 €	--
2014-2015	180.060,40 €	+2.18 %
2015-2016	195.806,00 €	+8,74 %
2016-2017	238.170,00 €	+21,63 %
2017-2018	PREV 250.078,50 €	PREV +5,0 %

O aumento do 21,63 % do programa de 2015-2016 o programa de 2016-2017 corresponde o aumento na aportación económica para os convenios cas entidades deportivas, pasando de un importe de 5,20 €/alumno mes e de 104 €/ módulo mes, a 6,00 €/alumno mes e de 120 €/ módulo mes no 2016-2017.

Para a realización dunha previsión, e tendo en conta que a inscrición pode aumentar con motivo da solicitude de novas modalidades deportivas ou aumento de entidades deportivas solicitantes, estímase esta previsión nun aumento nun máximo 5 %, nos inscritos relacionárase con 4825 inscritos, e o aumento no importe do presuposto para convenios será de 250.078,50 €

Un aumento de este 5 % suporía un importe total na aportación económica para os Convenios de 250.078,50 € (1º trimestre Oct+Nov+Dec 91917,00 €, 2º trimestre Xan, Feb, Mar 94896,90 €, 3º bimestre Abr+May 63264,60 €), restando un importe de 49.921,50 € para os gastos xerais, o que sería un total de 300.000,00 €. Esta cantidade está dentro do importe destinado na partida orzamentaria de "escolas deportivas" 3420.226.09.01 que no ano 2017 recolle 300.000,00 €.

Plantéase a seguinte previsión de gastos en función da tempada proposta nesta memoria, tendo en conta que sempre é unha previsión estimativa que pode sufrir variacións en función da demanda que exista, e entendendo que o número máximo de inscritos que ten o programa é de 5.000. O total das certificacións relativas a estes convenios non poderá superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria, informándose coa relación de certificacións do crédito dispoñible

Co motivo do carácter plurianual do Programa Municipal de Escolas deportivas entre 2017-2018, para a aportación económica dos convenios cas Entidades deportivas dos meses correspondentes de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio dentro dos presupostos de 2018 corresponderá a un importe estimado de 158.161,50 € .

Atendendo ao exposto, a distribución dos gastos queda do seguinte xeito:

	Presuposto 2017	Presuposto 2018		
Tempada	Gastos establecidos no convenio para tres meses: Outubro, Novembro, Decembro 2017	Gastos establecidos no convenio para cinco meses: Xan, Feb, Mar, Abril, Maio 2018)	Gastos xerais (Seguro, publicidade, material clausuras e material deportivo)	Gastos establecidos no convenio para 3 meses Outubro, Novembro e Decembro 2018. (Previsión Programa 2018-2019)
TOTAL 2017-2018	91.917,00 €	158.161,50 €	49.921,50 €	91.917,00 €
TOTAL Programa	300.000,00 €			

## 5. – PROPOSTA

*Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización do expediente, a aprobación de:*

*PRIMEIRO: Aprobación do Programa Municipal de Escolas deportivas Achegate ao Deporte 2017-2018 cos seus anexos, o seu Convenio marco de Colaboración e as bases de presentación de proxectos, para o ano 2017-2018.*

*SEGUNDO: Aprobar e autorizar o gasto con cargo á partida 3420.226.09.01 por un importe de 91.917,00 € con imputación ó orzamento para o actual ano 2017, e de 158.161,50 € con cargo ó presuposto do ano 2018 nos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio, de 91.917,00 € para os meses de Outubro, Novembro e Decembro, e de 49.921,50 € para os gastos xerais do Programa, unha vez aprobados pola xunta de goberno para sufragalos gastos derivados da execución do Programa Municipal de Escolas deportivas para a tempada 2018-2019. O que fai un importe total do Programa de 300.000,00 euros.*

	Presuposto 2017	Presuposto 2018		
Tempada	Gastos establecidos no convenio para tres meses: Outubro, Novembro, Decembro 2017	Gastos establecidos no convenio para cinco meses: Xan, Feb, Mar, Abril, Maio 2018)	Gastos xerais (Seguro, publicidade, material clausuras e material deportivo)	Gastos establecidos no convenio para 3 meses Outubro, Novembro de Decembro 2018. (Previsión Programa 2018-2019)
TOTAL 2017-2018	91.917,00 €	158.161,50 €	49.921,50 €	91.917,00 €
TOTAL Programa	300.000,00 €			

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(479).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA 2016/2017. EXPTE. 15938/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/04/17 e o informe de fiscalización do 19/05/17, dáse conta do informe-proposta do 11/05/17, asinado polo director Técnico de Deportes, o concelleiro de Deportes e o concelleiro de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta polo*

*desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.*

*A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.*

*Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.*

*En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira División Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

*Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira División Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

*Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Atletismo Femenino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.*

*O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:*

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

*Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Atletismo Femenino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.*

*A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a*

convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

*Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2017, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Atletismo Femenino Celta durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.*

*Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Primeira División Nacional na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.*

*SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00€. a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15938-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.*

*TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15938/333).**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, Dna. Paula Mariño Gonda como presidenta da entidade Club Atletismo Feminino Celta CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15938-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite que participa na categoría Primeira División nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Club Atletismo Feminino Celta desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2016/2017.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00€, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Feminino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Club Atletismo Feminino Celta na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15938-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Atletismo Feminino Celta o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Feminino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2016/2017.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:



- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

*6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Feminino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os médios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Feminino Celta (revista, web, etc).*

*3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Feminino Celta unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións*

económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

*proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.*

**8(480).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA 2016/2017. EXPTE. 15939/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/04/17 e o informe de fiscalización do 19/05/17, dáse conta do informe-proposta do 11/05/17,

asinado polo director Técnico de Deportes, o concelleiro de Deportes e o concelleiro de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.*

*A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.*

*Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.*

*En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

*Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

*Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Real Club Celta de Atletismo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.*

*O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:*

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

*Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Real Club Celta de Atletismo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de

*Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

*Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrència dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2017, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Real Club Celta de Atletismo durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.*

*Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Primeira Nacional na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.*

*SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00€. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36694319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15939-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orzamento.*

*TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15939/333).**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete.

## **REUNIDOS**

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, D. José Ángel Serantes Arias como presidente da entidade R.C. Celta de Atletismo CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15939-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

*I.-Que a entidade R.C. Celta de Atletismo conta cun equipo de élite que participa na categoría Primeira Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade R.C. Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2016/2017.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade R.C. Celta de Atletismo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00€, a favor da entidade deportiva R.C. Celta de Atletismo.*



**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade R.C. Celta de Atletismo na tempada deportiva 2016/2017.

**VI.-** Que a entidade R.C. Celta de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15939-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade R.C. Celta de Atletismo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade R.C. Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2016/2017.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade R.C. Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade R.C. Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Real Clube Celta de Atletismo unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.04 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor

por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de

subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2017.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(481).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “VI CARREIRA DA CEREIXA” O VINDEIRO DOMINGO 28 DE MAIO DE 2017. EXPTE. 15750/333.**

Dáse conta do informe-proposta do 22/05/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

A entidade AVCU-CSCR DE BEADE, con CIF (G-36632081), solicitou o día 07-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170051998), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: VI CARREIRA DA CEREIXA
- Data: 28 de maio de 2017
- Horario: 9.00 a 14.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 28 de maio de 2017; a proba comezará ás 9.00h, tendo a súa saída dende Centro Cultural de Beade, e seguir pola carretera Coutada, Cruce Igrexa, Ramiro Pascual, Cruce Babio, Carretera da Venda, Cruce de Porto, Carretera de Porto e rematar no Centro Cultural de Beade.

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

## **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:*

## **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar á AVCU-CSCR DE BEADE, con CIF (G-36632081), a organizar o vindeiro domingo 28 de maio de 2017, a proba deportiva denominada VI CARREIRA DA CEREIXA, esta proba deportiva comezará ás 9.00h, e terá a súa saída dende o Centro Cultural de Beade, para seguir pola carretera Coutada, Cruce Igrexa, Ramiro Pascual, Cruce Babio, Carretera da Venda, Cruce de Porto, Carretera de Porto e rematar no Centro Cultural de Beade.*

## **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

## **10(482).- DAR CONTA DE RENUNCIA DE DÚAS BOLSEIRAS, DE FRANCÉS E ITALIANO, DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA EOIV, ANO 2017. EXPTE. 18421/332.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/05/17, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de Marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias*

*lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2017. (Expte 18412/332)".*

*A base décimo segunda da devandita convocatoria no seu apartado de "aceptación da axuda", recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá presentar asinado no Servizo de Educación do Concello de Vigo, unha aceptación ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo III nun prazo de dez días, contados a partires do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.*

*Igualmente, consonte ao recollido na base décimo terceira ", e coa finalidade de poder librar o primeiro 50% da bolsa no momento da concesión a aqueles beneficiarios/as que o desexen, tamén deberán entregar xunto coa aceptación expresa un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro de asistencia na viaxe e cancelación antes e durante a estancia.*

*Requerida a documentación citada na base décimo segunda, de todos e cada un dos 82 beneficiarios/as propostos das bolsas "Concello de Vigo", resulta que aceptan expresamente a bolsa 80 deles, coa presentación positiva do anexo III e naqueles casos que os beneficiarios/as así o solicitaron achegando un pre-contrato asinado con empresa cualificada e especializada da súa libre elección, como "Over the Rainbow" nalgúns casos ou "Espazo Ensina" noutros.*

*A documentación citada anteriormente pasa a incorporarse aos respectivos expedentes de cada un dos beneficiarios/as destas bolsas municipais, que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación, como órgano xestor da referida iniciativa municipal.*

*Concorre a circunstancia de que, unha das bolseiras beneficiarias que resultaron adxudicatarias en lingua francesa, e unha bolseira directa de lingua italiana teñen presentado a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa por razóns de índole persoal o cal ten producido as modificacións recollidas a continuación e que implican alteración do compromiso económico adoitado polo órgano competente:*

- *A bolseira directa de lingua francesa, Martina Velo Rodríguez (expte. FR-014) co DNI 39.453.040-J e puntuación asignada de 9,00 puntos, ten presentado a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de francés achegando a documentación acreditativa para elo (anexo III con renuncia expresa á bolsa municipal concedida), e dada a ausencia de lista de agarda neste idioma esta renuncia voluntaria non pode ser cuberta e ocupada por ningún integrante da lista de agarda de idioma francés (París).*
- *A bolseira directa de lingua italiana, Raquel Sofía Martínez Meniño (expte. IT-015) co DNI 53.191.257-P e puntuación asignada de 11,25 puntos, ten presentado a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de italiano achegando a documentación acreditativa para elo (anexo III con renuncia expresa á bolsa municipal concedida) , e dada a ausencia de lista de agarda neste idioma esta renuncia voluntaria non pode ser cuberta e ocupada por ningún integrante da lista de agarda de idioma italiano (Roma).*

*Verificadas e acreditadas documentalmente as dúas casuísticas particulares anteriormente expostas, resulta o seguinte:*

**A BOLSEIRA PROPOSTA PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS) QUE PRESENTA A SÚA RENUNCIA, É A SEGUINTE:**

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
FR-014	Velo Rodríguez	Martina	39.453.040-J	9,00

A BOLSEIRA PROPOSTA PARA O IDIOMA DE ITALIANO (ROMA) QUE PRESENTA A SÚA RENUNCIA, É A SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IT-015	Martínez Meniño	Raquel Sofía	53.191.257-P	11,25

*Continuando o proceso, e segundo recolle a base novena “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; e dada a ausencia de listas de agarda nos idiomas de francés e italiano, estas dúas renuncias voluntarias non poden ser cubertas e ocupadas por ningún integrante das listas de agardas dos mencionados idiomas.*

*Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das dúas renuncias voluntarias que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2017, as cales implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.*

*Por elo, **proponse** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

- 1. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo”, da beneficiaria de francés, Martina Velo Rodríguez co DNI 39.453.040-J, que dada a ausencia de lista de agarda de francés non implica incorporación doutro/a beneficiario/a, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable AD 201700034063 por importe de 2.000.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2017” para estancia lingüística no estranxeiro (París), outorgada a favor de Martina Velo Rodríguez.*
- 2. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo”, da beneficiaria de italiano, Raquel Sofía Martínez Meniño co DNI 53.191.257-P, que dada a ausencia de lista de agarda de italiano non implica incorporación doutro/a beneficiario/a, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable AD 201700034085 por importe de 1.710.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2017” para estancia lingüística no estranxeiro (Roma), outorgada a favor de Raquel Sofía Martínez Meniño.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(483).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “SASANQUA” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. EXPTE. 14053/77.**



Dáse conta do informe-proposta de dta 19/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado **"Iniciativas Locais de Emprego"** (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial **Sasanqua** con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Doña Beatriz Barciela Ocampo, en calidade de promotora, por acadar as seguintes características:

- O proxecto empresarial **"Sasanqua"** é **innovador** na área de Vigo e consiste na creación e establecemento dunha marca cosmética 100% natural para comercialización de produtos cosméticos con propiedades específicas basadas en:
  - Utilización de ingredientes que se cultiven en Galicia en colaboración con provedores locais.
  - O produto pioneiro e principal da marca, sería un concentrado botánico facial con ingrediente clave el aceite de camelia producido en la Estación Fitopatológica de Areiro Iuvenor lab. (O Carballiño), con propiedades nutritivas, antiinflamatorias, descongestionantes e iluminadoras.
  - Cada formulación estará rexistrada e protexida seguindo a normativa cosmética e no momento que se inicie a actividade solicitaráse a patente sobre a marca.
  - Trataráse dunha actividade de venta on line, de comercio minorista por correo ou catálogo.
  - A empresa terá o seu domicilio social na r/ Canadelo baixo 4, 9º 1 e adoptará a forma xurídica de empresa individual no réxime de autónomos.

**"SASANQUA"** é unha iniciativa empresarial innovadora que pretende aproveitar os recursos naturais que dispoñemos en Galicia, principalmente as semillas de Camelia, creando unha marca de cosmética inspirada na camelia en sinerxia con outros ingredientes.

A empresa precisa dun investimento inicial de 8.000 € para a posta en marcha sendo a financiación recursos propios do promotor e polo tanto, sen financiación allea.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

*Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.*

*Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Promover ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "**Sasanqua**" promovida por Doña Beatriz Barciela Ocampo, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:*

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.*
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(484).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA COFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO ACTO DE APERTURA DO FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL DE BOUZAS 2017. EXPTE. 6883/335.**

Visto o informe xurídico do 8/05/17 e o informe de fiscalización do 22/05/17, dáse conta do informe-proposta do 5/05/17, asinado polo técnico de xestión do Servizo de Festas, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Festas e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 3 de maio de 2017 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas), para a organización do acto de*

*Apertura do “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas 2017”, que terá lugar o vindeiro 16 de xullo.*

*A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas vén ocupándose da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas – Cidade de Vigo, na segunda quincena do mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos” e cuxo programa comprende tanto actividades lúdicas como relixiosas. Dentro do dito programa, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.*

*O dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan co que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ó seu mantemento e financiamento.*

*No ámbito das súas competencias, esta Concellería ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade, onde existe unha contraprestación directa para a mesma, tal como a conmemoración do Festival poético piromusical.*

*O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta establece e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.*

*O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.*

*Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter*

excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio prevé unha dotación de 8.100,00 euros, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión de Festas de Bouzas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 63.100,00 euros, sendo o presuposto do acto de Apertura subvencionado polo Concello de 8.100,00 euros. Desta forma, a entidade asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles o seguro que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización do Acto de Apertura do “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas 2017”, que terá lugar o vindeiro 16 de xullo.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 8.100,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas (CIF G-36.690.170), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A  
CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A  
ORGANIZACIÓN DO ACTO DE APERTURA DO FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL DE  
BOUZAS 2017.**

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil dezasete.

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, DON JAVIER GRANDE PÉREZ, COMO CONFRADE MAIOR DA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS, CIF nº G-36.690.170 e enderezo social na rúa San Miguel nº 1 de Vigo (Bouzas), na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 6883/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

**I.-** Que a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas ten por fins, entre outros, o de promover as festas anuais de Bouzas, desenvolvendo actos culturais así como contribuír a un destaque das solemnidades litúrxico relixiosas conmemorativas. Deste modo, esta entidade vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena do mes de xullo, en honra do "Bo Xesús dos Aflixidos", patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dentro do dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado "FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO - VILA de BOUZAS", na noite do terceiro domingo de xullo.

**II.** Que o dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. En virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.

**III.** Que desde hai once anos se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

**IV.** Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0011, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Comisión de Festas de Bouzas.

**V.-** Que, conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VI.-** Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VII.-** Que a entidade *Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas* non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a *Seguridade Social* e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6883/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da *CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS*, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento polo Concello de Vigo do primeiro dos catro actos nos que se divide o “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas” denominado “Apertura”, en base aos seguintes.

### **FACTOS**

**Primeiro.-** A *Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas* comprométese a colaborar coa *Concellería de Festas e Turismo* do Concello de Vigo en canto a organización do Festival Poético-piromusical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”, que terá lugar en Bouzas na noite do terceiro domingo de xullo (16 de xullo), e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.

3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 3RG361001187 de GENERALI ESPAÑA, S.A. de Seguros y Reaseguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELO copia da póliza, que se achega ao expediente.

6º.- Coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

7º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

8º.- Deixar a zona que se utilice para as actividades en perfectas condicións de limpeza e respectando o entorno.

9º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

10º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º. conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto "Apertura" do "Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas" con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número IBAN ES36 2080 5016 0730 4002 0541, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Noveno.-** A beneficiaria, antes da primeira quincena de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*En ningún caso se admitiran simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.”*

**Décimo.-** *No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

**Décimo primeiro.-** *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*



**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo sexto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sétimo.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2017 e non será prorrogábel.

**Décimo oitavo.-** A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo noveno.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésimo.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Vixésimo primeiro.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

*Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

**Vixésimo segundo.-** *A ENTIDADE deberá cumprir estritamente co Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos do evento e respetando os seus aforos.*

**Vixésimo terceiro.-** *En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, artigo 20.4 e 20.8.b.*

**Vixésimo cuarto.-** *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican*

### **13(485).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2017”. EXPTE. 6926/335.**

*Visto o informe xurídico do 12/05/17 e o informe de fiscalización do 15/05/17, dáse conta do informe-proposta do 10/05/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:*

*A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 20 de marzo de 2017 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2017” que terá lugar en Vigo os vindeiros 11, 12 e 13 de agosto.*

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción da cultura. (achégase copia ao expediente).

No Protocolo de colaboración estableceuse que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, es por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 218.500,00 (douscentos dezaoit mil cincocentos) euros, para a organización de "O Marisquiño".

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproject Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa "O Marisquiño", de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos cun gran éxito organizativo e de aceptación cidadana que conta cunha grande afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca "O Marisquiño" manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

Polo todo o exposto e, ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, esta previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para coadxuvar ao desenvolvemento do festival "O Marisquiño" por importe de **181.500,00 €**.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

*Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.*

*Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Festival O Marisquiño 2017 , segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de **768.500,00 euros**,*

*Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.*

*Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6926/335*

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;*

*Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.*

*Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, o Alcalde de Vigo está facultado para asinar o citado convenio.*

*Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

**PROPOSTA:**

*1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, para a realización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival "O Marisquiño 2017", que terá lugar en Vigo os vindeiros 11, 12 e 13 de agosto.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO 2017" .*

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.*

*E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.*

*Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos*

*EXPOÑEN*

*I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción da cultura.*

*II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.*

*III.- Que no apartado III do citado Protocolo expónse que en materia de Cultura o Concello de Vigo desenvolverá accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto programas e actividades de fomento da cultura. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.*

*IV.- Que "O MARISQUIÑO", festival que ven celebrándose en Vigo dende fai 16 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanos. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas puntuables nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. "O*

Marisquiño" atópase incluído no programa "Festivais Rías Baixas" da Deputación de Pontevedra e no programa "Vigo en Festas 2017".

V.- Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en streaming das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan "O MARISQUIÑO" como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

#### PACTOS

##### PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a desenvolvemento da XVII edición do festival "O MARISQUIÑO 2017" que terá lugar entre os días 11 e 13 de agosto en Vigo.

##### SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS € (181.500,00 €) ive engadido, para facer fronte aos gastos relacionados coa XVII edición do festival "O MARISQUIÑO 2017". O financiamento realizarase con cargo á aplicación 17/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

##### TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	TOTAL
2017	181.500,00

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa Ulisesproyect Eventos Especiales SLU CIF B 36957132 para o festival "O MARISQUIÑO 2017" que se desenvolverá entre os días 11 e 13 de agosto en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O MARISQUIÑO". A marca se atopa debidamente rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial, a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

#### CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a empresa *Ulisesproject Eventos Especiales SLU* para o festival *O MARISQUIÑO 2017* que se desenvolverá entre os días 11 e 13 de agosto, ambos inclusive, en Vigo. A empresa *Ulisesproject Eventos Especiales SLU* ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "*O MARISQUIÑO*". A marca se atopa debidamente rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de *Carlos Domínguez Fernández*, propietario único de *Ulisesproject Eventos Especiales SLU*.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións as que se refire prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
  - o Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e *Ulisesproject Eventos Especiales SLU* para o festival "*O MARISQUIÑO 2017*";
  - o memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
  - o facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
  - o conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
  - o memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
  - o certificación de pagamento a favor de *Ulisesproject Eventos Especiales SLU* asinada polo Tesoreiro do Concello de Vigo;
  - o calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.

- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

#### QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de **CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS euros, (181.500,00€) IVE incluído**, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 17/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales SLU obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

#### SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á XVII Edición de O MARISQUIÑO, en todos os formatos, figurará o logotipo da Deputación Provincial de Pontevedra e de o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival O MARISQUIÑO 2017, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



#### SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

*Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.*

*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.*

#### OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:*

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

*A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.*

#### NOVENO.- VIXENCIA

*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2017.*

#### DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.*

3º.- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*

4º.- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

5º.- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

6º.- *Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de Ulisesproject Eventos Especiales, SLU.*

#### **UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.**

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;*

*Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento..*

#### **14(486).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 2264/334.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, de data 22/05/17, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

*O DOG do 2 de maio (núm. 83) recolle a publicación da Orde do 6 de abril de 2017 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.*

*No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe "...a dotación de continuidade dun servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións".*

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.1.b e 4.2.c (servizo xa existente), art. 7 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

Na actualidade, o SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinatária e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábrenos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- 1.- "A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do SNL por un total de 20.000 euros.
- 2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que se desprenden das bases da ORDE do 6 de abril de 2017."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(487).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS PARA A "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E PRAZA ISABEL A CATÓLICA". EXPTE. 3217/443.**

Visto o informe de fiscalización do 16/05/17, dáse conta do informe-proposta do 15/05/17, asinado do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

- En sesión de 27.12.2016 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo, acordou aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (BOP número 241 de 28 de decembro). No mesmo se contempla a partida orzamentaria 1532.619.619008 – Vigo Vertical, S. Salvador Praza Is. A Católica.
- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 9 de febreiro de 2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, para a redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de D. Francisco Javier de la Puente Crespo (DNI: 36104560B)

- *D. Francisco Javier De La Puente Crespo, presenta, proxecto de obras para a "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE ( VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA", cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS CATORCE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (714.260,30 EUROS) e data ABRIL de 2017.*
- *O Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos con data 8 de maio de 2017, informa que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 9 de febreiro de 2016 , resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.*
- *A actuación se desenrola enre as Rúas San Salvador e a Praza Isabel a Católica e comprende as seguintes actuacións:*
  - *Plantexase o traslado do Centro de Transformación situado na zona central das escaleiras existentes a outro lugar.*
  - *Proponse a demolición das escaleiras existentes, así como a excavación necesaria para a transformación da zona adecuado a proposta, que se plantexa.*
  - *Construción de muros de formigón correspondentes para adecuar as zonas verdes axardinadas a diferenza de cotas existentes, e construción de nova escaleira de comunicación entre ambas rúas, e pasarela de conexión entre o elevador e praza Isabel a Católica, nova rede de rego e recollida de augas pluviais, así como os sumidoiros determinados no proxecto, nova execución de colector, que conecta os existentes nas dúas rúas. Novas redes de servizos de alumeado enterradas cos seus correspondentes luminarias, redes de telefónica necesarios. Reposición pavimentos, e colocación de novos solados das mesmas características nas zonas de conexión.*
  - *Instalación dun ascensor con paramentos de vidro, para 12 persoas, coa súa correspondente estrutura de formigón nos laterais para sustentación foso necesario so subsolo, canalización e os seus correspondentes compoñentes para o total funcionamento.*

*O prazo estimado para a execución das obras de cada un dos lotes descritos descritas de OITO meses.*

*6. O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 9 de maio de 2017, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administracions Públicas.*

#### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

*I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.*

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

*Aprobar o proxecto de “IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE ( VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS CATORCE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (714.260,30 EUROS) e data ABRIL de 2017.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(488).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS A TEMPO PARCIAL-2017”. EXPTE. 7558/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/05/17 e o informe de fiscalización do 16/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 25/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de dito Servizo, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 02/03/2017, Dona Mª José Cruz Agra, en calidade de Presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (CIF: G-36622835), segundo consta na certificación da composición da xunta directiva da asociación,*

elixida na Asemblea xeral celebrada o 15/03/16, achegou escrito (doc.170031298), solicitando a celebración dun convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, para axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun intérprete de lingua de signos durante seis meses (03/04/17 a 29/09/17), acompañando a documentación precisa para a súa tramitación.

Segundo o art. 24.6 dos Estatutos da asociación, correspóndelle ao presidente, entre outras atribucións. “ ... a) representar á A.S.V. en toda clase de actos y contratos en que esta deba intervenir...”. Porén, segundo certificación do secretario da entidade, de data 20/02/2017, e conforme aos seus estatutos, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro a persoa responsable de representar a asociación para a sinatura do convenio.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxudar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2016: Expte. Núm. 7346/320
2. Ano 2015: Expte. Núm. 6981/320
3. Ano 2014: Expte. Núm. 6579/320
4. Ano 2013: Expte. Núm. 6042/320
5. Ano 2012: Expte. Núm. 5741/320
6. Ano 2011: Expte. Núm. 5158/320
7. Ano 2010: Expte. Núm. 4642/320
8. Ano 2009: Expte. Núm. 3984/320

9 . Ano 2008: Expte. Núm. 3372/320

*O artigo 25 da LRBL, como xa se expuxo anteriormente, non contempla a actividade de fomento como unha competencia propia municipal, existen competencias municipais que puideran resultar afectadas polas actividades que, indirectamente, se intentan promocionar a través da subscripción deste convenio. En particular, a letra e) do referido artigo, inclúe como materia na que as EELL poden exercer competencias propias, a "... atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social". Así mesmo, o municipio exercerá competencias en materia de "promoción da cultura..." (letra m).*

*Pois ben, á vista do art. 6 dos seus Estatutos, entre outros fins e actividades que a asociación persegue, encóntranse os de :*

- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.*
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.*
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.*
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.*
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.*
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.*
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.*

#### **RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

*No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.*

*Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia*

(...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

#### MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 “Convenio Asociación Persoas Xordas de Vigo”, cunha dotación de 6.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación de Personas Xordas de Vigo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo Decreto de Alcaldía de data 28/12/92.

#### OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de “que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...”, “... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública”.

Neste caso, o obxecto do convenio é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de abril a setembro de 2017 (03/04/2017 - 29/09/2017), que se consideran de interese público e social.



*O Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e a súa inclusión social (BOE núm. 289, de 3 de decembro), dispón no seu artigo 1.a) que a mesma ten por obxecto garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo dos dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto do resto dos cidadáns e cidadás, a través da promoción da autonomía persoal, da accesibilidade universal, do acceso ao emprego, da inclusión da comunidade e a vida independente e da erradicación de toda forma de discriminación, conforme aos artigos 9.3, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.*

*Asemade, no Título I, o artigo 57 establece, como obriga dos poderes públicos, entre outras, a garantía dos apoios adecuados, a orientación, a inclusión social e laboral, o acceso á cultura e ao lecer, a garantía duns dereitos económicos e sociais e de protección xurídica mínimos, para o cal , participarán, nos seus correspondentes ámbitos competenciais, as administracións públicas, os interlocutores sociais e as asociacións e persoas xurídico-privadas.*

*Asemade, no Título I, o artigo 59 establece, que os poderes públicos desenvolverán cantas accións sexan necesarias para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación na colaboración con organizacións representativas das persoas con discapacidade a as súas familias, debendo promover, as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, conforme ao artigo 69, o desenvolvemento de medidas de fomento mediante a adopción de medidas para que se supriman as prácticas contrarias á igualdade de oportunidades.*

*Por último, o artigo 72, da devandita norma, dispón que as administracións públicas, e entre elas, as entidades locais ampararán a iniciativa privada sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento destas actividades mediante, entre outras medidas, o apoio económico, debendo recibir especial atención, as entidades sen ánimo de lucro promovidas polas propias persoas con discapacidade, os seus familiares ou representantes legais.*

*Finalmente, no ámbito autonómico, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (DOG núm. 241, de 17 de decembro) que trae causa no texto refundido antes citado e cuxa entrada en vigor se produciu aos tres meses da súa publicación, é dicir, o 17 de marzo do ano en curso, dispón no seu artigo 34, sobre accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización, que as administracións públicas de Galicia deberán promover a supresión das barreiras na comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os/as intérpretes en lingua de signos que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación. Tamén, as administracións públicas de Galicia fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e de guías intérpretes de persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas, de xeito que se lle facilite a comunicación directa á persoa, e así mesmo promoverán a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.*

*A finalidade do convenio é promover e canalizar a participación dos cidadáns afectados por discapacidades auditivas nos asuntos públicos e, en particular, nas actividades e servizos ofertados tanto polo servizo de Participación Cidadá como pola propia "Asociación de Personas Sordas de Vigo".*

*Trátase, polo tanto, de por a disposición dos membros da Xunta Directiva, do persoal e das persoas usuarias das actividades ou servizos desenvolvidos pola devandita entidade, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que actúe como canle de comunicación entre as persoas xordas e oíntes, facilite o acceso á información e á integración*

social, cubra todos aqueles servizos de xestión e organización da propia entidade, derivadas da labor levada a cabo por ela, así como aqueles servizos encamiñados a realización de diversas actividades tales como conferencias ou cursos, e que poidan contar nas súas actividades que se realicen ao longo do ano cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva, naquelas actividades nas que se inscriban as persoas afectadas, sen que esta opción sexa incompatible coa prestación de servizos de intérprete por calquera outro servizo do Concello de Vigo, xa que o seu obxecto parece diferir da subvención que a entidade ten asignada nominativamente con cargo ao programa orzamentario de Benestar Social, extremo este que queda acreditado no expediente ao que se incorpora a declaración responsable da entidade, de data 20 de febreiro de 2017, de non ter solicitadas ou ter concedidas outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que a que constitúe o obxecto deste convenio.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

#### CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida presupuestaria nominativa 9240 4890008 "Convenio Asociación Xordos", cunha dotación orzamentaria de 6.000,00 €.

#### DOCUMENTACIÓN

A "Asociación de Personas Sordas de Vigo", segundo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - 1.1. Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/12/16
  - 1.2. Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 13/12/16
  - 1.3. Seguridade Social, de data 13/12/16
  - 1.4. Concello de Vigo, de data 07/04/17
2. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable e autorización (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de traballo.
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) *Fundamentación, obxectivos e metas.*
- b) *Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes.*
- c) *Lugar de realización.*
- d) *Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)*
- e) *Recursos humanos e materiais.*
- f) *Sistemas de avaliación, etc.*

*7. Memoria explicativa, que inclúe datos identificativos da entidade, fundamentación, obxecto, finalidade do convenio, descrición da actividade ou servizo para o que se solicita a súa celebración: funcións do intérprete e tipoloxía de servizos que se cubrirán por este profesional, datos relativos aos servizos de interpretación realizados no ano 2016, vixencia, persoas beneficiarias, difusión da publicidade, recursos necesarios, avaliación do servizo de intérpretes de LSE e orzamento, que recolle o custes salariais derivados da contratación dunha persoa titulada en Interpretación de Lingua de Signos Española, durante os meses de abril a setembro de 2017 (03/04/17- 29/09/17), e que se reflicte a seguir:*

<i>CUSTE SALARIAL 2017 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA A TEMPO PARCIAL (03/04/17-29/09/17)</i>	
<i>GRUPO DE COTIZACIÓN</i>	<i>5</i>
<i>SALARIO BASE</i>	<i>574,62 €</i>
<i>PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS</i>	<i>191,54 €</i>
<i>SALARIO BRUTO</i>	<i>766,15 €</i>
<i>BASE DE COTIZACIÓN</i>	<i>766,15 €</i>
<i>CONTINXENCIAS COMÚNS</i>	<i>180,81 €</i>
<i>FOGASA, ETC.</i>	<i>57,46 €</i>
<i>CNAE</i>	<i>12,64€</i>
<i>SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA</i>	<i>250,92 €</i>
<i>COSTE ASOCIACIÓN/MES</i>	<i>1.017,07 €</i>
<i>INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL</i>	<i>153,23 €</i>
<i>CUSTES SALARIAIS TOTAIS</i>	<i>6.255,65 €</i>

*Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.*

#### **ANTICIPO**

*Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira do mesmo. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.*

*Na redacción dada pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.*

*A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.*

#### **PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

*En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.*

*Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 03/04/17 e o 29/09/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.*

*A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.*

*Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.*

*O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.*

*A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.*

*A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/15, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.*

*O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.*

*A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES05 1491 0001 2921 8840 0424 (TRIODOS BANK), segundo código de conta cliente de data 10/05/2016, emitido pola entidade bancaria.*

#### **NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

*A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común e Administración Públicas.*

*O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

*Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.*

### **RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

*De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.*

*Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.*

*Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

*PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 6.000 € (seis mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890008, denominada "Convenio Asoc. Xordos" incluída no vixente orzamento municipal, a favor da entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo".*

*SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" (CIF- G-36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de abril a setembro de 2017 (03/04/17 - 29/09/17) e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 6.000 € (seis mil euros).*

*TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de*

conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015 de Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS**

En Vigo, na casa do Concello de Vigo, a ----- de----- de dous mil dezasete

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra parte, Dona M<sup>a</sup> José Cruz Agra (DNI: 36134120Q), en calidade de presidenta da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G-36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 7558/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

#### **MANIFESTAN**

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo có número 266/92.

III.- Que a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas sordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- *Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.*
- *Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.*
- *Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.*
- *Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.*
- *Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.*
- *Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.*
- *Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.*
- *Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.*
- *Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.*
- *Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.*

*IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse ao respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.*

*As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos.*

*V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación e Atención Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.*

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado polo Pleno Xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 "Convenio Asoc. Xordos", a concesión dunha subvención por importe de 6.000 € a favor da "Asociación de Persoas Sordas de Vigo".

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, as partes intervenientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de abril a setembro de 2017 (03/04/17- 29/09/17), tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

CUSTE SALARIAL 2017 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA A TEMPO PARCIAL ( 03/04/17-29/09/17)	
GRUPO DE COTIZACIÓN	5
SALARIO BASE	574,62 €
PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS	191,54 €
SALARIO BRUTO	766,15 €
BASE DE COTIZACIÓN	766,15 €
CONTINXENCIAS COMÚNS	180,81 €
FOGASA, ETC.	57,46 €
CNAE	12,64€
SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA	250,92 €
COSTE ASOCIACIÓN/MES	1.017,07 €
INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL	153,23 €
CUSTES SALARIAIS TOTAIS	6.255,65 €

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes



## PACTOS

*Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:*

- a) Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de abril a setembro de 2017 (03/04/17 - 29/09/17), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.*
- b) A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.*
- c) Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.*
- d) O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.*
- e) Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.*
- f) Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación e Atención Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.*
- g) O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de vinte e cinco horas semanais, organizándoas dende a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" conforme a planificación presentada.*
- h) O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.*
- i) O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuito.*
- j) O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" para o ano 2017, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de abril a setembro de 2017 (03/04/17- 29/09/17) e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 6.000 €.*
- k) Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.*

- l) Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula novena do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.*
- m) Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través de presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación e Atención Cidadá, que se trata dun servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.*
- n) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*
- o) Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- p) En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*–Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*

*–Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 6.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008, denominada “Convenio Asoc. Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de abril a setembro de 2017 (03/04/17 – 29/09/17).*

*–Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Personas Sordas de Vigo.*

*–Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación do acción conveniada.*

*–Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula 9ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

*Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto*

no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Persoas Sordas de Vigo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto do convenio. O art. 29 da LXS entende que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2017.

Oitavo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Personar Sordas de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e

condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2017.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- *Solicitud de abono da subvención.*
- *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*
  1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
  2. *Datas e lugar de prestación do servizo.*
  3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
  4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación, identificación do monitor/a cos seus apelidos e nome e o número total de participantes.*
  5. *Actuacións realizadas.*
  6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
  7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
  8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
  9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*
- c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:*

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrência das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a*

subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas e/ou nóminas e demais documentos xustificativos, os cales deberán incluír todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os requisitos legalmente esixidos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados no proxecto.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como, non ser debedora, por resolución, de procedencia de

reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que responde da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegada.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Fotocopia do contrato de traballo.

i) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES05 1491 0001 2921 88400424 (TRIODOS BANK)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2017 no período comprendido entre o 03/04/17 ao 29/09/17.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría

*Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen*

*neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

*Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ----- de -----de 2017.*

**17(489).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS DO ART. 10.1. TRLEBEP, COMO TÉCNICO DE XESTIÓN. EXPTE. 29932/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/05/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- A Área de Fomento conta cun alto volume de traballo debido non so ao incremento do traballo ordinario se non tamén a realización de diferentes traballos extraordinarios; así, en Vías e Obras: Obras Propias, Obras derivadas do Plan de Inversións de Aqualia, Obras de outros servizos delegadas; en Limpeza, en Electromecánicos.

II.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €.

III.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.01.2016 se encomendou á Concellería de Fomento a xestión dos fondos Edusi.



IV.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 5 de maio de 2017, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Técnico de Xestión, á maior brevidade. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

V.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

De acordo co anterior, a figura do funcionario interino para a execución de plans ou programas de carácter temporal está contemplada no artigo 10.1.c) do TREBEP e no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e que se concretan na execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na norma básica de aplicación, non podendo en ningún caso, responder a necesidades permanentes da Administración, por un

período máximo de ata 3 anos, ampliables ata 12 meses adicionais nos termos nos que contemple a lexislación vixente.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas

convocadas se as houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo esixe como requisitos específicos para o desempeño do postos de traballo de:

- Técnico de xestión subgrupo A2: Estar en posesión ou en condición de obter o título de diplomado universitario, grao ou equivalente, o que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismo estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

Como requisitos xerais para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbo sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á configuración legal esixida no artigo 60 do Real Decreto

Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

*“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.*

*2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.*

*3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”*

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

*“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.*

*2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:*

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

*3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.*

*4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.*

*5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.*

*6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.*

*7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”*

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Segundo reflicte o presente informe, tanto o alto volume de traballo debido non so ao incremento do traballo ordinario se non tamén a realización de diferentes traballos extraordinarios; así como o feito de que con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publicase Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €; ademais de que por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.01.2016 se encomendou á Concellería de Fomento a xestión dos fondos Edusi; queda debidamente xustificada a procedencia da convocatoria pública dos procesos selectivos que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1.c) do TREBEP (un técnico de xestión, subgrupo A2), sería necesario a aprobación das presentes bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita o seu nomeamento.

V.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.-** Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se

aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Técnico de Xestión subgrupo A2, e que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico de xestión subgrupo A2, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**Terceiro.-** Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño do 2015.”

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos recursos que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso- administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO UN

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITAN OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO TECNICO DE XESTIÓN (SUBGRUPO A2). Expte. 29932/220)

### **I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico de xestión, subgrupo A2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

### **II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión ou en condición de obter o título de diplomado universitario, grao ou equivalente de conformidade coas titulacións esixidas na Relación de Postos de Traballo.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

### **III.-SISTEMA DE SELECCION**

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en



test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

#### **IV.-FASE DE OPOSICIÓN**

##### **EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:**

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario que figura anexo a estas bases, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que determinará o órgano de selección, inmediatamente antes do comenzo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa común e específico das bases da convocatoria, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permitirá o manexo de textos comentados, libros de formularios, nin de dispositivos dixitais. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

## **V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN**

A **solicitud** dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 4 ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org).

## VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

## VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado no subgrupo A1 ou A2.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou seu organismo autónomo, ou de outras Administracións Públicas, encadrado/a no subgrupo A1 ou A2 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexerán polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

#### **IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS**

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

### **VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

### **IX.- INCIDENCIAS**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **X.- RÉXIME XURÍDICO**

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

## **TEMARIOS**

### **A) TEMARIO XERAL**

- Tema 1. A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- Tema 3. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.
- Tema 4. As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes: o Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.
- Tema 5.- O ordenamento xurídico comunitario: as súas fontes. Relación co dereito interno dos Estados. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.
- Tema 6.- A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do Goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 7.- O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderogabilidade singular de regulamentos.
- Tema 8.- Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.
- Tema 8.- O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.
- Tema 9.- Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade.
- Tema 10.- Os recursos administrativos. A execución dos actos administrativos: motivos da súa suspensión.
- Tema 11.- O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.
- Tema 12.- Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e finalización.
- Tema 13.- Protección de datos de carácter persoal no ámbito das administracións públicas locais: principios, aplicación, consentimento e información, e dereitos.
- Tema 14.- A Lei 9/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Tema 15.- A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno da C.A. de Galicia.
- Tema 16.- A LO 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

## B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 17.- A contratación administrativa. Negocios e contratos excluídos da Lei de contratos das administracións públicas. Diferencias cos contratos de carácter privado.
- Tema 18.- Clases de contratos administrativos e o seu réxime xurídico. Contratos administrativos especiais.
- Tema 19.- Requisitos dos contratos. Capacidade e solvencia. Clasificación e rexistro de contratistas.
- Tema 20.- O expediente de contratación. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- Tema 21.- Procedementos e formas de adxudicación dos contratos administrativos.
- Tema 22.- As garantías no contrato administrativo. Execución do contrato. Risco e ventura. Recepción do obxecto do contrato.
- Tema 23.- Dereitos e deberes da administración e dos contratistas. Modificación dos contratos. Revisión de prezos. Interpretación e resolución contractual.

- Tema 24.- Incidencia das Directivas Europeas de contratación pública: Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e a Directiva 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión.
- Tema 25.- A impugnación dos contratos públicos: xurisdición competente. O recurso especial en materia de contratación.
- Tema 26.- O dominio público. Concepto e natureza. Bens que o integran. O réxime xurídico do dominio público. As mutacións demaniais.
- Tema 27.- Uso e utilización do dominio público.
- Tema 28.- A concesión e da reserva demanial.
- Tema 29.- A expropiación forzosa: a potestade expropiatoria. Suxeito, obxecto e causa. O procedemento expropiatorio. Expropiacións especiais e garantías xurisdicionais.
- Tema 30.- A organización municipal. Distribución de competencias. Referencia ao réxime dos municipios de grande poboación.
- Tema 31.- Réxime de funcionamento dos órganos colexiados das corporacións locais.
- Tema 32.- Competencias municipais e servizos obrigatorios nas corporacións locais.
- Tema 33.- Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercicio de accións.
- Tema 34.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.
- Tema 35.- O persoal ao servizo das entidades locais. A función pública local e a súa organización.
- Tema 36.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais.
- Tema 37.- Réxime disciplinario dos funcionarios de administración local. Incompatibilidades e responsabilidades.
- Tema 38.- Os bens das entidades locais. Réxime de utilización e inventario municipal de bens.
- Tema 39.- A lei xeral tributaria: principios e contido.
- Tema 40.- A lei xeral presupostaria: principios e contido.
- Tema 41.- Os dereitos e garantías do contribuinte fronte á facenda pública
- Tema 42.- Os recursos das facendas locais. Clasificación dos ingresos
- Tema 43.- Os orzamentos das entidades locais. Estrutura. Principios orzamentarios. Formación e aprobación do orzamento. As bases de execución. Prórroga do presuposto
- Tema 44.- O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación. Gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.
- Tema 45.- Fases do procedemento do gasto no réxime local. Ordenación do pagamento. Clases de pagamentos. Anticipios de caixa fixa. Pagamentos “para xustificar”
- Tema 46.- A liquidación do orzamento. Os remanentes de tesourería. A conta xeral: contido e tramitación.
- Tema 47.- A Administración Electrónica: evolución e regulación actual. A calidade dos Servizos Públicos e de Atención Cidadá.
- Tema 48.- A Lei Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento. Ámbito de aplicación. Concepto de subvención: Marco xurídico das subvencións: a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o Regulamento xeral de desenvolvemento. La Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia. Bases reguladoras das subvencións. Negocios incluídos e excluídos na Lei Xeral de Subvencións. Ámbito subxectivo das subvencións. Réxime xurídico aplicable ás subvencións financiadas con cargo a fondos comunitarios.
- Tema 49.- A condición de beneficiario da subvención, requisitos e acreditación: Concepto de beneficiario. Requisitos para obter a condición de beneficiarios. Dereitos. Obrigas. Garantías dos beneficiarios.



- Tema 50.- Procedemento de concesión e xestión presupostaria de subvencións: O art.º 22 da Lei Xeral de Subvencións: Procedemento de concorrencia competitiva vs. concesión directa. Bases reguladoras de subvencións e resolución de convocatoria. Especialidades do procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva na LGS e o seu Regulamento. Regras de disciplina presupostaria: Tramitación anticipada e subvencións plurianuais. O procedemento de concesión directa no Regulamento da LGS. Procedemento de xestión presupostaria.
- Tema 51.- Xestión e xustificación das subvencións: Regras de subvencionalidad. Financiamento da actividade subvencionada. Compatibilidade e incompatibilidade de subvencións. Subcontratación e condicións para a elixibilidade de gastos subvencionados. Xustificación de subvencións: Prazos, emendas. Alcance e contido da obriga de xustificación. Modalidades de xustificación: Vantaxes e alternativas regulamentarias. Comprobación da xustificación de subvencións.
- Tema 52.- Control financeiro de subvencións: O beneficiario ante o control financeiro de subvencións: Clases de control e órganos responsables destes. O control financeiro de subvencións da intervención xeral da Administración do Estado. Alcance e significado. Obxecto e alcance das actuacións de control. O procedemento de control. Fases, duración e documentación das actuacións. Documentación das actuacións. Control de fondos comunitarios.
- Tema 53.- Reintegro e réxime sancionador en materia de subvencións: Causas materiais do reintegro e revogación da subvención. Aspectos derivados do reintegro: obrigados, prescrición e intereses de demora. Procedemento de reintegro. Procedemento ordinario e procedemento a instancia de informe de control financeiro da intervención xeral da administración do Estado. Infraccións en materia de subvencións. Sancións en materia de subvencións
- Tema 54.- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello: normas comúns aplicables ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)
- Tema 55.- Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
- Tema 56.- Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de credemento sostible 2014-2020
- Tema 57.- O servizo público. Servizo público e prestacións administrativas. Análise xeral dos modos de xestión dos servizos públicos.
- Tema 58.- A ordenación urbanística en Galicia. Situacións e clases de solo.
- Tema 59.- Licenzas urbanísticas e comunicacións previas.
- Tema 60.- Disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística

**18(490).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA PROPOSTA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN, DE DATA 09/05/2017, E CONSECUENTEMENTE DO ACORDO DA XGL DE 12/05/2017(EXPTE.: 29901/220). EXPTE: 30008/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 18/05/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e

Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, de data 12 de maio de 2017 foi nomeado como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como auxiliar de administración xeral, D. JOSÉ MIGUEL SOTO HERMIDA, con DNI 36.106.460-W, para cubrir as necesidades do Servizo de Benestar Social.*

*Detectado erro tanto no DNI, dado que no Informe-proposta propónse o nomeamento, como funcionario interino por acumulación de tarefas como Auxiliar Administrativo, por un período máximo de seis meses, a D. JOSÉ MIGUEL SOTO HERMIDA, DNI 36.106.450-W, cando os datos correctos son D. JOSÉ MIGUEL SOTO HERMIDA, DNI 36.106.460-W, procede rectificar os mesmos.*

*Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordos de mesmas datas, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*“ÚNICO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado na proposta da Área de Recursos Humanos e Formación, de data de 09/05/2017, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/05/2017 (Expte. 29901/220) de nomeamento interino por acumulación de tarefas de cinco Auxiliares de Administración Xeral, baixo a modalidade prevista no art.10.1 d) do RDL 5/2015 do 30 de outubro, do TRLEBEP, por un prazo máximo de seis meses, para o Servizo de Benestar Social, debendo figurar onde di:*

*“ D. JOSÉ MIGUEL SOTO HERMIDA, DNI 36.106.450-W”*

*o seguinte:*

*“ D. JOSÉ MIGUEL SOTO HERMIDA, DNI 36.106.460-W”*

*mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(491).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 27/03/17, SOBRE REQUIRIMENTO DE CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADICIONAIS DE REALIZAR E GARANTIR ACHEGAS ECONÓMICAS ADICIONAIS PARA CUBRIR DÉFICITS DE TESOURERÍA DE PAZO DE CONGRESOS DE VIGO .S.A. EXPTE. 1189/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/05/17, asinado polo responsable do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 6 de marzo de 2006, acordou adxudicar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, ás mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., coa obriga de constituír unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato; sociedade anónima que, co nome de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., foi constituída por escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.
2. Executada a obra pública e iniciada a súa explotación no ano 2011, o Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., na súa sesión de data 21 de xullo de 2016, acordou comunicar ao Xulgado do mercantil competente o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para acadar un acordo de refinanciamento ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal. Á vista desta resolución, a Xunta de Goberno Local, con data de 7 de outubro de 2016, en base ás consideracións de feito e de dereito que se conteñen na parte expositiva do acordo, resolveu requirir da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das súas accionistas, o cumprimento da obriga destas últimas de proceder ao saneamento patrimonial de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., prevista na cláusula 20.7 do PCAP do contrato, no caso de que as ditas negociacións non acadaran o resultado pretendido; obriga de saneamento patrimonial, a cargo dos accionistas, para cuxo cumprimento se fixou o prazo de quince días a contar do vencemento do prazo de tres meses, desde a comunicación ao xulgado, que o artigo 5 bis. 5 da Lei Concursal concede ao debedor para alcanzar os acordos que xustificaron a comunicación.
3. Este acordo municipal foi notificado a todos os interesados no contrato de concesión de obra pública, á vez que se lles practicou a estes o requirimento nel disposto, e contra o mesmo, Pazo de Congressos de Vigo, S.A. interpuxo, en prazo hábil, recurso de reposición, fundado na inesixibilidade tanto legal como contractual da obriga de saneamento patrimonial, cuxo cumprimento lles require o órgano de contratación, e solicitou a suspensión do acordo impugnado, que foi rexeitada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 9 de decembro de 2016
4. Porén, o Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., en sesión de 18 de novembro de 2016, incumprindo o requirimento formulado pola Xunta de goberno Local, acordou solicitar do Xulgado do Mercantil a declaración en concurso de acredores da dita mercantil, sen requirir previamente aos accionistas da mesma o cumprimento da súa

obriga de saneamento patrimonial de Pazo de Congressos, S.A.; declaración de concurso que tivo lugar por auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, con sede en Vigo, de data 2 de decembro de 2016, adoitado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016.

5. Sen prexuízo da obriga dos adxudicatarios do contrato, accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. de proceder ao saneamento patrimonial desta mercantil, estipulada na cláusula 27.1 do PCAP do contrato de concesión —obriga cuxo cumprimento e esixencia reclamou esta Administración municipal dos accionistas e administradores de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e que estes negan— na documentación relativa á proposición técnica e económica presentada, no sobre B, presentado polas mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., na licitación da adxudicación do contrato de referencia, se conteñen unha serie de compromisos adicionais dos adxudicatarios para facer fronte ás situacións de insolvencia.

6. A proposición técnica e económica presentada por estas para optar ao concurso convocado polo Concello de Vigo para adxudicar, por procedemento aberto, o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos e zona complementaria, na Avda. de Beiramar en Vigo, contempla nos apartados B. 2 — FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO— e D. i—DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS— compromisos adicionais das adxudicatarias, accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., para facer fronte ás situacións de desfase de tesourería; concretamente:

—O compromiso adicional dos socios de achegar ata oito millóns de euros adicionais como préstamo participativo, débeda subordinada ou calquera outra forma para cubrir posibles desfases de tesourería de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. .

Así dise nas tres últimas aliñas do penúltimo parágrafo do apartado B.2.- FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO, que: «Adicionalmente, los socios se comprometen a aportar hasta 8 millones de euros adicionales como préstamo participativo, deuda subordinada o cualquier otra forma para cubrir desfases de tesorería».

— O compromiso adicional de outorgar garantías para o cumprimento do compromiso dos socios de realizar ademais da aportación do capital inicial outras adicionais para cubrir o déficit de tesorería de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. durante a fase de explotación con un límite máximo de ata sete millóns de euros.

Así no número 9. (iv) do epígrafe D.i.- DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS, respecto das fonte de financiación alleas, no apartado relativo a “Garantías”, prevese que «Se otorgarán, entre otras, las siguientes garantías de primer rango en beneficio de las entidades acreditantes: 9. Compromiso de los socios de realizar además de la aportación inicial, otras adicionales para: (iv) Cubrir el déficit de tesorería del Acreditado durante la fase de explotación con un límite máximo de hasta 7 millones de euros».

Así as cousas, declarada Pazo de Congressos de Vigo, S.A. en situación de concurso voluntario por insolvencia actual da mesma, sen prexuízo da esixencia do cumprimento da obriga de saneamento patrimonial prevista na cláusula 20.7 PCAP do contrato de concesión, a Xunta de Goberno Local en sesión de 27 de marzo de 2107, adoptou o acordo que segue:

«Requirir das mercantís accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. o cumprimento inmediato e da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e do Administrador Concursal de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. a esixencia ás accionistas desta do cumprimento inmediato das obrigas adicionais para facer fronte a eventuais situacións de insolvencia, asumidas expresamente polos accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. na proposición técnica e económica presentada por estas para optar ao concurso para a adxudicación do contrato da concesión de obra pública de referencia que se contemplan nos apartados B. 2 — FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO— e D. i—DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS—, esto é:

— O compromiso adicional dos socios de achegar ata oito millóns de euros adicionais como préstamo participativo, débeda subordinada ou calquera outra forma para cubrir posibles desfases de tesourería de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. (tres últimas aliñas do penúltimo parágrafo do apartado B.2.- FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO).

— O compromiso adicional dos socios de outorgar garantías para o cumprimento do compromiso destes de realizar ademais da aportación do capital inicial outras adicionais para cubrir o déficit de tesourería de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. durante a fase de explotación con un límite máximo de ata sete millóns de euros (Epígrafe D.i.- DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS; “Fontes de financiación alleas”; “Garantías”; número 9. iv)».

7. Notificado o acordo aos interesados —notificación coa que se practicaron os requirimentos acordados—, por Pazo de Congressos de Vigo, S.A. interpúxose, en prazo hábil, recurso de reposición, no que aduce: (i) que as achegas continxentes so se refiren á fase de construción e así se acotan na oferta; que o alcance da oferta tiña unha clara finalidade: «poner de manifiesto al Concello y a sus evaluadores que la proposición realizada por el Consorcio licitador permitiría el cumplimiento de la obligación esencial del concesionario de llevar a cabo la construcción de la Obra pública»; que unha vez construída a obra pública «la concesión debe explotarse conforme a lo indicado en dicha normativa — Lei e pregos—, de tal manera que si por causas ajenas a las partes no fuera viable, las consecuencias legales y contractuales no son otras que la resolución anticipada del contrato»; que a interpretación municipal colisiona cos principios de boa fe e confianza lexítima que deben presidir a s relacións contractuais e coa aquiescencia do Concello ás operacións societarias de ampliación e redución do capital de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., levadas a cabo pola concesionaria, sen esixir en tales casos o Concello de Vigo o cumprimento da obriga de realizar achegas adicionais para atender déficits de tesourería, que agora esixe; (ii) que resulta incoherente que o Concello de Vigo esixa unha achega adicional de 8 millóns de euros e na demanda incidental presentada menos de un mes despois ante o Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra non se esixa esta achega de 8 millóns de euros, senon so de 3,6 millóns; (iii) que a Xunta de Goberno Local pretende que os accionistas da concesionaria acheguen 7 millóns de euros adicionais como garantía que os accionistas deberon achegar aos financiadores, de conformidade co documento da oferta, para cubrir o déficit de tesourería da sociedade concesionaria durante a explotación da obra, sendo así que as previsións acerca do financiamento bancario teñen un mero carácter indicativo, que o Concello non estaría lexitimado para pedir a executividade de calesquera garantías esixidas no financiamento e que os actos posteriores das partes

amosan a aquiescencia do Concello co financiamento finalmente aprobado, ademais: «el Concello, además de conocer que los compromisos anteriores no eran vinculantes, estuvo de acuerdo con la modificación del PEF (que aprueba en el Acuerdo de 6 de julio de 2012...) y también con la documentación de la financiación que lo sustentaba, que pudo conocer en su integridad.

En efecto, en el año 2012, una vez renegociada una nueva financiación, es cuando el Concesionario formula un segundo PEF en el que se contienen otras (diferentes) variables ya que el contenido y garantías de los contratos financieros son diferentes a los inicialmente planteados por los licitadores.

En efecto —se di— las garantías requeridas por las entidades financiadoras fueron más exigentes que las inicialmente planteadas (no puede olvidarse que estábamos en el año 2012). De esta forma, los compromisos de apoyo de los accionistas previstos en la oferta fueron sustituidos por un compromiso mucho más fuerte y de naturaleza más ejecutiva: el otorgamiento de un aval bancario a primer requerimiento por cada uno de los accionistas de la sociedad concesionaria (...).

En consecuencia, el compromiso de aportación de fondos frente a las entidades financieras de hasta 7 millones de euros en la fase de explotación, fue sustituido por otra garantía para asegurar el pago de la financiación, no la viabilidad o supervivencia de la Sociedad Concesionaria. Esta sustitución de las garantías por otras de carácter más ejecutivo es perfectamente coherente con el contenido del pliego que exigía un soporte financiero adecuado y, además, conllevaba una mayor seguridad para los acreedores financieros. El Concello lo sabía y estaba de acuerdo con esta fórmula, como lo prueba el hecho de que aprobara el nuevo PEF en el año 2012; (iv), por último, alega a recorrente que: «El Acuerdo adoptado por la Junta del Gobierno Local del Concello carece de fundamento legal y contractual y es nulo de pleno derecho por haber sido adoptado por órgano manifiestamente incompetente»; que «Lo que la Junta de Gobierno local está pretendiendo con este requerimiento es modificar las obligaciones contractuales asumidas por las partes y exigir a los accionistas y a esta parte la aportación de fondos que nunca fueron comprometidos por los licitadores, como este Concello bien conoce» e que: «Este requerimiento de aportación de fondos supone en consecuencia una modificación encubierta del Pliego, competencia que no le está atribuida a la Junta de Gobierno local, sino que corresponde exclusivamente al Pleno del Ayuntamiento, lo que determina la nulidad de pleno derecho del Acuerdo adoptado por infringir lo previsto en el artículo 47.1.b) de la LPAC-AP».

E, con base na nulidade de pleno dereito invocada e nas consecuencias de difícil reparación que atribúe a execución do acordo, a recorrente solicita a suspensión da executividade do acordo impugnado.

### **CONSIDERACIÓN DE DEREITO**

**PRIMEIRA.-** A tramitación e resolución do recurso de reposición interposto esixe, dunha parte e de conformidade co artigo 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dar traslado aos demais interesados do recurso para que, no prazo non inferior a dez días nin superior a quince, aleguen canto achen procedente; e doutra pronunciarse sobre a suspensión da execución do acto solicitada no recurso.

**SEGUNDA.-** Ao respecto da suspensión da execución do acordo impugnado, o artigo 117 da devandita Lei do procedemento administrativo común dispón que «1. A interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado» e que «2. Non obstante o disposto no número anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto impugnado, poderá suspender, de oficio ou por solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunhas das seguintes circunstancias: a) Que a execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación. b) Que a impugnación se fundamente nalguna das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta lei».

**TERCEIRA.-** A suspensión solicitada da execución do acto impugnado debe ser rexeitada pois nin o acto impugnado é nulo de pleno dereito nin a súa execución pode causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

A competencia é o conxunto de atribucións, funcións e potestades que o Ordenamento xurídico atribúe a un ente ou a un órgano administrativo con preferencia o con exclusión de calquera outro ente u órgano administrativo; conxunto de atribucións, funcións e potestades, que na Administración municipal de Vigo e na materia que nos ocupa —a contractual— corresponden a súa Xunta de Goberno Local, que é o órgano de contratación desta Administración municipal, o órgano que representa ao Concello de Vigo en materia contractual; e isto calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo. Así o dispoñía o artigo 127.1.f) para os municipios de grande poboación, como é o de Vigo, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro e, actualmente, se establece na disposición adicional 2.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público e do seu Texto Refundido, aprobado por RDL 3/2011, de 14 de novembro.

Como queira que requirimento impugnado é un requirimento fundado nun contrato de concesión de obra pública, adxudicado pola Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo, a competencia para adoitalo, por razón da materia contractual a que se refire, corresponde ao órgano de contratación do Concello de Vigo: a súa Xunta de Goberno Local.

O Pleno, nos municipios de grande poboación, carece de competencias en materia contractual.

Tampouco os prexuízos que se derivarían da execución do acto impugnado, cuxa suspensión se solicita, serían de difícil ou imposible reparación se este fose eventualmente anulado: trataríase dun dano puramente económico, que pola súa contía sería perfectamente compensable, cos correspondentes xuros de mora, por esta Administración municipal e asumible polas accionistas, adxudicatarias do contrato de concesión de obra pública, habida conta da solvencia económica acreditada por estas no momento da adxudicación do contrato.

**CUARTA.-** Polo demais, as alegacións formuladas pola recorrente no seu escrito de recurso tampouco presentan aparencia de bo dereito:

— Porque o apartado B-2 —FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO—, do apartado B —PORCENTAJE DE

PARTICIPACIÓN DE CADA PROMOTOR E ESTATUTOS— non limita a obriga da achega adicional de ata 8 millóns de euros para cubrir posibles desfases de tesourería á fase de construción.

O dito apartado di literalmente que:

*«B2.- FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRESTAMO PARTICIPATIVO*

*Los miembros del consorcio, se comprometen en caso de resultar adjudicatarios a aportar a la sociedad 19,4 millones de euros, de los cuales 11,1 millones de euros serán suscritos como capital y los restantes 8,3 millones serán desembolsados como prima de emisión. Las aportaciones tendrán lugar durante la fase construcción de acuerdo con el siguiente esquema.*

MM €	2006	2007	2008
Capital suscrito	5,7	2,7	2,7
Prima de emisión	3,2	2,6	2,5

*Este capital representa un 20% sobre el importe de la inversión neta de la subvención recibida. Esta cifra se sitúa por encima del 10% que se establece como mínimo en el pliego del concurso. Asimismo, el total de fondos aportados por los accionistas llega hasta un 35% de la inversión directa del concesionario. Adicionalmente, los socios se comprometen a aportar hasta 8 millones de euros adicionales como préstamo participativo, deuda subordinada o cualquier otra forma para cubrir posibles desfases de tesorería».*

Do texto transcrito resulta que é o capital social e a prima de emisión as que se achegan na fase de construción, non así a achega adicional para cubrir desfases de tesourería, para a que non se cita prazo.

— Porque a obligación esencial do concesionario non é so executar a obra pública, se así fora o contrato sería un contrato de obras: as obrigas esenciais do concesionario son as de construír a obra pública, explotala ao seu risco e ventura, e entregala ao termo da concesión a Administración concedente.

E isto porque o financiamento da construción e conservación das infraestruturas públicas pódese realizar con cargo aos orzamentos da entidade pública concernida, directamente, mediante o contrato administrativo de obras ou con financiación diferida, mediante contrato administrativo de obra na modalidade de abono total do prezo.

Porén, cando a Administración pública actuante carece das dispoñibilidades orzamentarias necesarias para acometer a construción da infraestrutura pública, pode esta acudir ao financiamento extraorzamentario da mesma, mediante a concesión de dominio público —a modo do dereito do superficie sobre os solos de dominio privado ou públicos de propios—, mediante o contrato de xestión de servizos, ou, como ocorre no presente caso, mediante o contrato de concesión da obra pública

É característica destes dous últimos tipos contractuais aos efectos que agora interesan o feito de que o concesionario obrígase a executa-la infraestrutura e a Administración o remunera outorgándolle o dereito de explotar a obra e o servizo público establecido polo



prazo da concesión, percibindo dos usuarios do mesmo (e excepcionalmente da Administración) as tarifas pactadas, coa obriga ou non, no caso de concesión de servizos, de pagar a Administración un canon e, en todo caso coa obriga do concesionario a fin do contrato de entregar á Administración as obras e instalacións de acordo co estipulado no contrato en estado de conservación e mantemento adecuados.

Importa destacar que nestes contratos o concesionario obrigase a explotar a obra ou servizo público como remuneración do custe das obras, precisamente porque a Administración non financia ou non pode financiar a infraestrutura con cargo aos seus orzamentos e acude á financiación extraorzamentaria; financiación que permite a Administración executar a infraestrutura sen gasto algún para ela. A explotación do servizo non so é un dereito do concesionario é tamén unha obriga para este, tanto por tratarse dun servizo público como porque, ao que aquí importa, esta é a forma pactada de precibir a contraprestación económica pola construción da infraestrutura, sen gasto algún para a Administración a custa dos seus orzamentos.

— Porque a explotación da obra pública o é a risco e ventura do concesionario, que esta obrigado a asumir as perdas —nunha porción significativa, como mínimo— que se poidan producir na explotación da obra pública: non é certo, daquela, a afirmación que realiza a recorrinte, segundo a cal «si por causas ajenas a las partes no fuera viable (la concesión), las consecuencias legales y contractuales no son otras que la resolución anticipada del contrato», porque a consecuencia de que na explotación da obra pública se poidan producir perdas é a obriga da concesionaria de asumilas e a pretendida resolución do contrato para tal suposto constituiría un abandono do mesmo pola concesionaria.

— Porque quen está a lesionar o principio da boa fe é a concesionaria, os seus administradores e os adxudicatarios do contrato de concesión, accionistas de Pazo de Congreso de Vigo, S.A. ao pretender abandonar subrepticamente o contrato de concesión incumprindo as súas obrigas contractuais de saneamento patrimonial e forzando un concurso de acredores, so pretexto dunha situación de insolvencia e de que a explotación non vai a ser rendible, cando o certo é que a concesionaria a virtude do contrato de concesión de obra pública os accionistas están obrigados a procurar unha situación patrimonial saneada a Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e esta a soportar as perdas que se poidan producir na explotación da obra pública.

— Porque as operacións societarias de aumento e redución do capital social de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. foron consentidas por esta Administración municipal na medida en que estas respectaban o contrato de concesión e o seu PCAP; porén cando se produciu o acordo do Consello de Administración de Pazo de Congresos, S.A. de data 21 de xullo de 2016, de comunicar ao Xulgado do mercantil o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para acadar un acordo de refinanciamento ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, os representantes municipais, presentes na dita sesión do Consello de Administración, requiriron dos administradores de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. alí presentes a esixencia do cumprimento das súas obrigas de saneamento patrimonial da dita mercantil, asumidas polos accionistas adxudicatarios do contrato, e a Xunta de Goberno Local, con data de 7 de outubro de 2016, resolveu requirir da mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das súas accionistas, o cumprimento da obriga destas últimas de proceder ao saneamento patrimonial de Pazo de Congresos de Vigo, S.A.

— Porque, tal e como se di na páxina 8 do “Estudio sobre o informe da Administración Concursal”, elaborado por Nostrum Auditores, S.L.P., para a súa presentación polo Concello de Vigo no procedemento de concurso voluntario número 418/2016, que se segue ante o Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, con sede en Vigo, no informe da Administración Concursal (pax. 22, tabla 8) se recoñece como achega dos socios efectivamente realizada a de 23.8 millóns de euros, mentres que o compromiso establecido na páxina 13 do sobre B é de 27,4 millóns —11,1 millóns como capital social, 8,3 millóns como prima de emisión e 8 millóns adicionais máis para atender desfases de tesourería— o que evidencia que os socios restan por achegar 3,6 millóns para atender desfases de tesourería, sendo así que á débeda que motivou o concurso de acredores tal e como se reflicte na solicitud do mesmo era de 923.627,43 euros. Tal achega de 3,6 millóns —asumida como obriga expresa na oferta dos adxudicatarios— permitiría pagar non so a débeda que motivou o concurso, senón tamén tres anos máis das cotas do préstamo concertado coa axudicataria do contrato Abanca Corporación Bancaria, S.A. para a construción da obra pública.

Non cabe estimar, respecto desta cuestión, a afirmación que fai a Administración Concursal no páxina 97 do seu informe, cando di que «el GRUPO PUENTES, accionista de la concursada, ha procedido a pagar a ABANCA 8,6 millóns de euros (apartado 3.2.9 de este informe) con lo que sobradamente se supera a ese supuesto derecho de la masa activa de 8 millones de euros». E non pode aceptarse porque a cantidade pagada polo Grupo Puentes o foi a Abanca Corporación Bancaria, S.A. e non achegada a Pazo de Congressos de Vigo, S.A.; e foi pagada en cumprimento dunha obriga de garantía, diferente da obriga asumida expresamente polos licitadores de atender as situacións de insolvencia que se puideran producir en Pazo de Congressos de Vigo, S.A. O pago realizado polo Grupo Puentes foi imputado pola prestadora a reducir o importe do préstamo realizado a Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e a extinguir a obriga asumida polo Grupo Puentes en garantía da restitución do préstamo concedido por Abanca a Pazo de Congressos de Vigo, S.A.. Tal imputación do pago reduciu en parte e proporcionalmente a débeda que motivou o concurso pero non a extinguiu. Noutro caso tería desaparecido a situación de insolvencia e a xustificación do concurso de acredores.

Polo demais, a incoherencia que denuncia a recorrinte a propósito desta esixencia municipal de achega adicional para cubrir desfases de tesourería non é tal: o apartado B. 2 da oferta dos adxudicatarios —FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO— prevé a asunción expresa, por parte dos licitadores, socios de pazo de congresos de Vigo, S.A., da obriga adicional de achegar **ata** oito millóns de euros como préstamo participativo, débeda subordinada ou calquera outra forma para cubrir posibles desfases de tesourería de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. Pois ben, achegados xa polos accionistas por este concepto 4,4 millóns de euros —tal e como recoñece Nostrum Auditores SLP no seu Estudio sobre o informe da Administración Concursal— restarían por achegar 3,6 millóns de euros; cantidade que, segundo vai dito, permitiría pagar non so a débeda que motivou o concurso, senón tamén tres anos máis das cotas do préstamo concertado coa axudicataria do contrato Abanca Corporación Bancaria, S.A. para a construción da obra pública.

O requirimento que se impugna non esixe a achega de 8 millóns de euros, senón que recordando que tal obriga de achegas adicionais, asumida expresamente polas licitadoras, pode chegar ata os 8 millóns de euros, esixe a achega necesaria para atender o desfase de tesourería que motivou o concurso — 923.627,43 euros—; cifra que sumada as xa achegadas non alcanza a devandita cantidade de oito millóns.

— Porque o carácter indicativo dos termos e condicións dos eventuais bonos a emitir ou dos prestamos en negociación e garantías que poderán chegarse a constituir tanto persoais como reais, a consignar na oferta dos licitadores, non chega ao punto de permitir eliminar a obriga de constituir as garantías mesmas ofertadas: o carácter indicativo refírese aos termos e condición, no que agora importa, das garantías a constituir, non á constitución ou non da garantía, que non resulta amparada por tal carácter indicativo.

— Porque o compromiso dos socios en beneficio das acreditantes —Abanca Corporación Bancaria, S.A.— de realizar ademais da achega do capital social, outras adicionais para cubrir o déficit de tesourería de Pazo de congresos de Vigo, S.A. e tamén un compromiso asumido polo licitadores fronte ao Concello de Vigo, pola incorporación do mesmo a súa oferta para a súa consideración no procedemento de adxudicación do contrato, polo que resulta directamente esixible o seu cumprimento por esta Administración municipal.

— Por que o aval bancario a primeiro requirimento é unha garantía para asegurar o pago do financiamento, non para asegurar os desfases de tesourería, aínda que poda enxugar estes nalgún caso; caso que non se deu no que nos ocupa, coa execución por parte de Abanca Corporación Bancaria, S.A. da garantía prestada polo Grupo Puentes, por importe de 8.6 millóns de euros, pois non consta que Abanca Corporación Bancaria, S.A. teña imputado tal cantidade ao pago das débedas pendentes que determinaron a insolvencia que motivou o concurso, facendo cesar tal situación de insolvencia e de concurso.

— Porque a afirmación de que o aval bancario a primeiro requirimento —que substitúe ao compromiso de achega de fondos para atender necesidades— é unha garantía para asegurar o pago do financiamento e non a viabilidade ou supervivencia da sociedade concesionaria, volve a insistir na inaceptable alegación que se desliza en distintos puntos do escrito: a de que a concesionaria no está obrigada a soportar perdas e que cando estas se producen ou podan producirse procede a resolución anticipada do contrato; doutrina completamente incompatible co concepto legal do contrato de concesión de obra pública, inaplicable, daquela, ao caso de que tratamos.

— Porque, en fin, a modificación do Plan Económico Financeiro (PEF) do contrato, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de xullo de 2012, tivo a súa causa na substancial redución das dimensións da obra pública; redución da obra pública que foi solicitada por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de marzo de 2008. Tal modificación da obra pública acordada pola Administración obrigaba a esta, en cumprimento da obriga legal prevista no artigo 248.2 TRLCAP/2000, a manter o equilibrio económico da concesión e así aprobouse unha achega municipal de capital a Pazo de Congresos de Vigo, S.A. de 5 millóns de euros e a ampliación do prazo da concesión en 25 anos máis ata chegar aos 60 anos máximos.

Pero, no que se refire as cuestións que examinamos, o novo PEF non introduce practicamente modificacións respecto da oferta presentada polo adxudicatarios do contrato, limitándose o PEF, canto aos recursos alleos, a dicir que:

#### **«Recursos ajenos**

*Deuda Sénior: Deuda total necesaria para la construcción del Auditorio y Zona complementaria. La estructura planteada tendría dos fases. La primera incluiría un importe de 36,4 millones de Euros a 7 años amortizables en su totalidad al vencimiento del préstamo (en la práctica podrían producirse amortizaciones anticipadas durante dichos años).*

- Señalar que en 2010 esta deuda sénior se elevaría a 40,97 MM€ como consecuencia del retraso en el cobro de la subvención.
- Con posterioridad al cobro de la misma, 2011, esta deuda sénior se vería disminuida hasta los 36 millones de Euros definitivos.

*A partir del 7o año se repaga la deuda considerando que todo el flujo de caja libre generado se utiliza para pagar deuda (principal e intereses). En la práctica se estructurará probablemente con un ratio de cobertura en torno Á 1,25 y con una obligación de amortizar adicionalmente con los excedentes de tesorería generados.*

**Deuda IVA:** Recoge la deuda para financiar los saldos a cobrar a la Administración por el IVA soportado en las inversiones realizadas, durante la construcción del Auditorio - Palacio de Congresos y Zona Complementaria. Esta deuda se va amortizando conforme se reciben las devoluciones de Hacienda».

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Denegar a suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de marzo de 2017, sobre requirimento de cumprimento dos compromisos adicionais de realizar e garantir achegas económicas adicionais para cubrir déficits de tesourería de Pazo de Congresos de Vigo, S.A.

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo a recorrinte e aos demais interesado no expediente, con indicación que o acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que poda exercer, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

**Tercero.-** Dese traslado do recurso aos demais interesados no expediente para que no prazo de dez días aleguen canto estimen pertinente.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(492).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓNS, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO” DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1214/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8/05/17 e o informe de fiscalización do 18/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 3/05/17, asinado polo xefe o Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data do Rexistro Xeral 4 de abril pasado, a Asociación Cultural Reencanto Producións presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO* a realizar durante o exercicio 2017; por este motivo, con data 25 de abril, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 3.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

#### ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN** é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o *Festival Primavera do Cine en Vigo*.

#### PROGRAMA:

O *Festival Primavera do Cine en Vigo 2017* desenvolverase do 5 ao 14 de maio no Auditorio Municipal do Concello e mailo salón de actos do MARCO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 24.525,37 € (vintecatroy mil cincocentos vintecinco euros con trinta e sete céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 3.000 € (12,23%)
- Deputación Provincial de Pontevedra: 9.060 € (36,94 %)
- AGADIC: 3.765,37 € (15,35%)
- Patrocinios privados: 4.100 € (16,72%)
- Ingresos por venda entradas e merchandising: 4.600 € (18,76%)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.
- Escrito da Asociación Cultural Reencanto Producións de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa *FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2017*.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Reencanto Producións, para a organización do programa *Festival Primavera do Cine en Vigo*, obxecto do presente convenio, rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Reencanto Producións deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- ser o único festival de cine que se organiza na cidade dende o ano 2012.
- a repercusión social e pública que vai alcanzando o festival tras cada edición, tanto na cidade como a nivel autonómico, nacional e internacional (Portugal), e os beneficios que tal circunstancia aporta á cidade de Vigo.
- a calidade dos programas de creación e produción audiovisual propostos para cada unha das edicións.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Cultural Reencanto Producións ten como obxecto financiar a organización do programa *Festival Primavera do Cine en Vigo* con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 3.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Cultural Reencanto Producións é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do secretario de Administración Municipal (en canto a asesor xurídico da área) e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 3.000 € (tres mil euros) á Asociación Cultural Reencanto Producións, CIF. G-27780766, para o financiamento do programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Reencanto Producións que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO".*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO DURANTE O EXERCICIO 2017*

*En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete*

#### REÚNENSE

*A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, D. Juan de Castro García, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Reencanto Producións (CIF: G-27780766) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en Avenida de Castrelos, 80, 2º A, CP 36210, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.*

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### MANIFESTAN

**I.-** Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN**S é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza desde o ano 2012 o Festival Primavera do Cine en Vigo.

**II.-** Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN**S, concretamente no programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.

**III.-** Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da **ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN**S, coa cantidade de 3.000 euros.

**IV.-** Que o **ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN**S non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

**V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

##### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 24.525,37 € (vintecatro mil cincocentos vintecinco euros con trinta e sete céntimos) financiándose coas seguintes achegas:



- Concello de Vigo: 3.000 € (12,23%)
- Deputación Provincial de Pontevedra: 9.060 € (36,94 %)
- AGADIC: 3.765,37 € (15,35%)
- Patrocinios privados: 4.100 € (16,72%)
- Ingresos por venda entradas e merchandising: 4.600 € (18,76%)

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

O Festival Primavera do Cine en Vigo 2017 desenvolverase do 5 ao 14 de maio no Auditorio Municipal do Concello e mailo salón de actos do MARCO.

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Juan de Castro García, presidente da mesma.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (3.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
- Ceder os espazos de titularidade municipal para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio: Auditorio Municipal do Concello e salón de actos do MARCO.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 30 de novembro de 2017.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
  1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
  3. *Memoria de prensa.*
  4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
  5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*

- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

#### Gastos subvencionables:

*Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.*

*En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

#### Importe total de subvencións ou axudas:

*A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.*

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### ANEXO ORZAMENTO DO PROGRAMA FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2017

#### **1.- GASTOS:**

Publicidade	3.164,37 €
Alugueres	600 €

Premios	850 €
Servizos profesionais	9.430 €
Xestión de películas e dereitos	781 €
Gastos de viaxes e dietas	1.000 €
Gastos varios (salarios e xerais)	8.700 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>24.525,37 €</b>

## **2.- INGRESOS:**

Concello de Vigo	3.000 €
Deputación Provincial de Pontevedra	9.060 €
AGADIC	3.765,37 €
Patrocinios privados	4.100 €
Ingresos por venda entradas e merchandising	4.600 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>24.525,37 €</b>

### **21(493).- ASISTENCIA DA FUNCIONARIA CO Nº PERSOAL 78436 Á MOSTRA DE TEATRO GALICIA ESCENA PRO 2017 DO 12 AO 15 DE XUÑO E ASISTENCIA Á ESTREA DO ESPECTÁCULO “HERDEIRAS” O VENRES 16 DE XUÑO, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 15615/331.**

Visto o informe xurídico do 5/05/17 e o informe de fiscalización do 11/05/17, dáse conta do informe-proposta do 2/05/17, asinado pola xefa da Oficina Administrativa de Programación Cultural, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

*O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Cultura e Bibliotecas se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Mostra de Teatro Galicia Escena Pro 2017 e á estrea do espectáculo “Herdeiras” os días 12, 13, 14, 15 e 16 de xuño, en Santiago de Compostela, en comisión de servizo.*

*A citada funcionaria, xefa da oficina administrativa de programación cultural, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano o servizo de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa mostra á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Santiago de Compostela, entre os días 12 e 15 de xuño de 2017. No día de hoxe están confirmadas as datas da mostra e as compañías seleccionadas pero non os horarios de exhibición, que se sóen anunciar uns días antes, pero ante o circuito polo que ten que pasar o presente expediente de autorización cómpre comezar a tramitalo canto antes. Aínda así, pola experiencia doutros anos a feira no día da inauguración sóe comezar ás 10 horas e finalizar o último día sobre as 2 horas da madrugada, polo que xa estaríamos no día 16 de xuño. Asemade, o día 16 de xuño preséntase no Teatro Principal de Santiago de Compostela o espectáculo “Herdeiras” que cómpre visualizar co obxecto de programalo en futuras programacións con motivo do Día da Muller. Así pois compriría realizar unha autorización máxima (que se xustificará á*

volta) de saída o propio día 12 de xuño, con anterioridade ás 10 horas e o regreso como máximo o día 17 de xuño non posterior ás 15 horas.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:

- 141,05 € en concepto de 5 dietas de manutención.
- 244,60 € en concepto de 5 dietas de aloxamento.
- 200,00 € en concepto de gastos de transporte (gasoliña, posibles peaxes, parking, etc.).

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos C1, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e da concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36138380K, a asistencia á Mostra de Teatro Galicia Escena Pro e á estrea do espectáculo "Herdeiras", que terán lugar en Santiago de Compostela entre os días 12 e 16 de xuño de 2017, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 12 de xuño anterior ás 10 horas e o regreso o día 17 de xuño non máis tarde das 15 horas.
3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Santiago de Compostela.
4. Autorizar os seguintes gastos: 385,65 € en concepto de 5 dietas de manutención e aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 200 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **22(494).- IMPROCEDENCIA DE EXPROPIACIÓN POR MINISTERIO DA LEI INSTADA POLA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE TEIS. EXPTE. 242/413.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/05/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (no sucesivo, PXOU-93) foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993, no expediente nomeado de *Subsanación*



de deficiencias na adaptación do PXOU-88 á Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993).

O día 19.05.2011, a CMVMC de Teis solicitou a incoación de expediente expropiatorio das parcelas cuxa propiedade lle foi recoñida na sentenza do día 19.05.2009 dictada pola Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; petición que foi desestimada por decisión municipal do día 11.05.2012. En virtude dos pronunciamentos contidos na dita sentenza, as parcelas do monte "A Madroa" que describe e sobre os que se emprazan as instalacións do zoolóxico, do depósito de augas, deportivas, etc., son propiedade da CMVMC de Teis, dispoñendo, non obstante, no seu faio o recoñecemento ao seu favor do dereito a facer súas obras, sembras ou plantacións existentes, previa indemnización ao Concello de Vigo establecida nos artigos 453 e 454 do Código Civil, cuestión a determinar en execución de sentenza. Puntualiza, así mesmo a dita sentenza que, esta forma de adquirir a propiedade por accesión debe exercitarse dunha soa vez e sobre todo o edificado, sembrado ou plantado, toda vez que o artigo 361 do Código Civil non contempla o exercicio parcial ou fraccionado deste dereito, de forma que, entre tanto, recoñécese un dereito de retención a favor do Concello de Vigo. Non consta que pola CMVMC de Teis se promovese, en tempo e forma, a referida execución de sentenza.

O día 17.02.2014, o Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 1 de Vigo dictou sentenza nos autos do P.O.: 3/2012, desestimando o recurso formulado pola CMVMC de Teis contra a decisión municipal de data 11.05.2012. A razón de decidir desta sentenza, expresada no seu FX 4º, explica que a facultade de exercer a potestade expropiatoria reside unicamente no Concello de Vigo e que a CMVMC carece de lexitimación para instar a expropiación dos bens que lle pertencen.

Con data 10.12.2014, a Sala do Contencioso-administrativo do TSXG dictou sentenza no recurso de apelación interposto pola CMVMC de Teis contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 1 de Vigo do 17.02.2014, desestimando o recurso interposto e recoñecendo que (...) *no hipotético caso de que se llegara a acceder a la tramitación de un expediente de expropiación forzosa que pretende la apelante, llegaríamos a la fijación de un justiprecio para las parcelas afectadas que habría de ser satisfecho a la CMVMC por parte del Concello de Vigo, lo que en modo alguno concuerda con el pronunciamiento de la sentencia de la Sala de lo Civil y Penal del Tribunal Superior de Justicia de Galicia de reiterada cita, en la que respondiendo a la segunda pretensión de la actora, se pronuncia claramente en sentido desestimatorio ... "no se puede acceder a la petición de condena solicitada en el suplico de la demanda en su apartado 2 y sí sólo aceptar parcialmente la petición subsidiaria del Otrosí Digo 3º de la demanda", siendo la pretensión 2º. "... Se condene al Ayuntamiento de Vigo a estar y pasar por esta declaración, y a abstenerse en lo sucesivo de invadir las citadas parcelas del monte "Madroa" descritas en el hecho cuarto de esta demanda, así como a abstenerse de perturbar a la Comunidad de montes de Teis en el goce quieto y pacífico de las referidas parcelas."*. Con todo, a sentenza formula, como mera hipótese alegatoria, o suposto das expropiacións por ministerio da lei no que o instituto expropiatorio resultaría imperativo.

O día 28.01.2015, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 150011262) o escrito presentado por D. Eduardo García Crespo con data 23.01.2015 no Rexistro xeral da Xunta de Galicia, actuando como Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, advertindo do seu propósito de iniciar un expediente de prezo xusto con fundamento no disposto no artigo 99 da LOUGA.

Con data 28.04.2017, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 170061187), o escrito presentado por D. Eduardo García Crespo no Rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 26.04.2017, actuando na mesma condición invocada, polo que formula folia de aprezo con base no disposto no artigo 86 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (no sucesivo, LSG) e xunta a copia do informe de valora-

ción de data 17.04.2007 do arquitecto, D. José Magdalena Nogueira. Este informe parte de que as parcelas de referencia están clasificadas como solo urbano consolidado no PXOU-93 e cifra o seu valor en 61,16 €/m<sup>2</sup> de solo, do que resultaría un total de 4.564.551,10 euros (5% do premio de afección incluído).

O día 09.05.2017, a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:

*“Con data 28 de xaneiro de 2015 D. Eduardo García Crespo, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, presentou escrito no Rexistro de Entrada do Concello de Vigo (Doc nº150011262) no que advirte ao concello do inicio do expediente de xustiprezo ao abeiro do disposto no artigo 99 da LOUGA.*

### **INFORME:**

*O escrito de advertencia do inicio do expediente de xustiprezo ao abeiro do artigo 99 da LOUGA (agora artigo 86 da lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia) fai referencia a unhas parcelas propiedade da CMVMC de Teis, segundo sentenza do TSXG de 19 de maio de 2009.*

*As parcelas ás que fai referencia o escrito son:*

- 1. Parcela destinada a Zoolóxico, da superficie de 38.710 m<sup>2</sup>.*
- 2. Parcela do campo de fútbol de Sampaio da superficie de 9.503 m<sup>2</sup>.*
- 3. Parcela destinada ás instalacións deportivas do Clube de Fútbol Candeán da superficie de 19.022 m<sup>2</sup>.*
- 4. Parcela na que está situada parte das intalacións deportivas de A Madroa da superficie de 19.022 m<sup>2</sup> (é parte das instalacións do R.C. Celta de fútbol).*
- 5. Parcela do depósito de auga da superficie de 566 m<sup>2</sup>. É o denominado “Depósito de Candeán”.*

*Todas elas están situadas na Parroquia de Teis, estas cinco parcelas atópanse no límite da Parroquia de Teis con Candeán. De feito, tanto osos campos de entrenamiento do R.C. Celta como o depósito teñen unha parte en Teis e outra en Candeán.*

*No momento da presentación do escrito polo presidente da CMVMC de Teis estaba vixente o PXOM de 2008.*

*Neste planeamento as parcelas estaban consideradas do PXOM:*

- 1. Parcela do Zoolóxico: Sistema Xeral de Equipamentos.*
- 2. Parcela do campo de San Paio: RPO. Sistema Local de Equipamentos, Deportivo.*
- 3. Parcela Clube de Fútbol Candeán: Sistema Xeral de Equipamentos*
- 4. Parcela instalacións deportivas A Madroa: Sistema Xeral de Equipamentos.*
- 5. Parcela do depósito de auga: RPI Sistema Xeral de Equipamentos SXA (S.X. Abastecemento)*

*O PXOM 2008 foir anulado por sentenza do Tribunal Supremo de 12 de novembro de 2015, o que produxo a reviviscencia do PXOU de 1993.*

*Así pois unha vez anulado o PXOM de 2008 as parcelas pasar a ter a clasificación que tiñan antes da entrada en vigor do PXOM anulado, é dicir a asignada polo PXOU de 1993. As parcelas están na parroquia de Teis, no ámbito exterior ao denominado no PXOU núcleo central.*

*Serían:*

1. **Parcela do Zoológico: Ordenanza de aplicación 4.4.**
2. **Parcela do campo de Sampaio: Ordenanza de aplicación 3.1/3.2/3.3**
3. **Parcela Clube de Fútbol Candeán: Ordenanza de aplicación 3.2.**
4. **Parcela instalacións deportivas A Madroa: Ordenanza de aplicación 3.2.**
5. **Parcela do depósito de auga: SNU4**

Na memoria xustificativa do denominado PXOU de 1993, na páxina 91 recóllense os considerados polo Plan como Sistemas Xerais situados en solo non urbanizable. No que se refire a Sistemas Xerais de Equipamentos están:

“- Sistema General de Equipamientos:

– De nueva creación:

PAU Universidad

Parque Tecnológico (se incluye aquí por su complementariedad con el anterior).

Jardín botánico

PAU Avelleira

Palacio de Exposiciones y Recinto Ferial

– Existentes:

CUVI y Centros Asistenciales Sanitarios anexos

Area Deportiva de Samil

Club de Campo (privado)”.

*Polo que non se poden considerar como sistema xeral, segundo o PXOU de 1993, ningunha das instalacións existentes nestas cinco parcelas da CMVMC de Teis.*

*Tampouco no Estudio Económico Financiero e Programa de Actuación do PXOU 93, se cita ningunha destas instalacións.*

#### **PXOU 1993. ORDENANZA 4 DE ZONAS ESPECIAIS.**

*Ordenanza 4, de Zonas Especiais,*

*Denomínanse Ordenanzas de zonas especiais a aquelas que se atañen a regulamentacións determinadas e que regulan en xeral zonas destinadas a usos xerais de servizo da cidade ou incluso de ámbitos superiores. O seu carácter xenérico fai indesexable a previsión detallada da utilización futura de tales zonas, a miúdo suxeito a motivacións que poidan escapar á influencia das variables puramente urbanísticas que son a base do presente Plano Xeral.*

*Por iso estas Ordenanzas terán o carácter de marco global, con sinalamento de usos xerais dominantes e autorización de usos complementarios ligados ó dominante. O mesmo tempo nestas zonas o Plano Xeral recolle as situacións existentes e os procesos de planificación no estado en que se atopan, remitindo a un proceso de convenios, que desexablemente se desenvolverá, durante a tramitación do presente Plano, a definición máis precisa das condicións urbanísticas de cada unha das zonas.*

*En consecuencia nestas zonas cada actuación haberá de autorizarse polo Concello. A execución de servizos e instalacións polos axentes de quen dependan as zonas reguladas por estas Ordenanzas especiais requirirá dar conta previamente do proxecto ó Concello, a efectos da emisión do preceptivo*

informe e inspección técnica das obras, sendo o mantemento e conservación a cargo da entidade promotora ata o seu traspaso, se procedese, á Corporación Municipal. As Ordenanzas que regulan as zonas especiais poderán ser obxecto de disposicións municipais concretas para a súa reserva, adquisición, tratamento urbanístico, posta en servizo e conservación.

Denantes de entrar nas características diferenciais de cada unha das zonas, faise notar aquí que non se deu carácter de zona especial territorialmente definida ós terreos suxeitos a servidume aeronáuticas, por canto son o resultado dunha regulamentación de ámbito nacional suxeita a posibles modificacións; non obstante debe entenderse que o presente Plano Xeral contempla e recolle as servidumes aeronáuticas, tanto na súa definición actual coma en calquera outra que poida producirse durante a súa vixencia; as determinacións urbanísticas do Plano Xeral quedan pois suxeitas ó cumprimento das devanditas servidumes.

#### **ORDENANZA 4.4. DE ZONAS DE LECER**

“Corresponde esta Ordenanza a determinadas zonas do termo municipal nas que o uso dominante actual e futuro é de tipo recreativo. Esta Ordenanza ofrece un marco máximo de posibilidades de aproveitamento urbanístico, e maila isto as instalacións xa existentes haberán de atermos ás condicións específicas en foron autorizadas.

Nestas zonas, a edificabilidade máxima será de 0,15 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, con altura máxima de 2 plantas. A ocupación máxima por edificacións será do 15% e contabilizando conxuntamente edificios e tratamentos superficiais do 45%; en consecuencia alomenos o 55% da zona tratarase obrigatoriamente con xardinería e arboredo, incluíndo o existente prohibíndose expresamente a súa corta.

O uso dominante recreativo poderá ir achegado de outros a servizo e que non desvirtúen o carácter da zona, prohibíndose tódoo uso realcionado con actividades productivas do sector secundario”.

**Parcela 1. Parque Zoolóxico de Vigo.** É una instalación municipal, que tras a sentenza citada no escrito da CMVMC de Teis, pasou a ocupar un terreo propiedade da citada Comunidade de Montes. Desde un punto urbanístico, no PXOU de 1993 non ten consideración de equipamento público e non lle asigna unha ordenanza da que se poda deducir o seu destino como dominio público.

Dentro da ordenanza 4, existen centros privados, como os hospitales POVISA, Hospital de Fátima (ordenanza 4.5) ou instalacións como os depósitos de Compañía Logística de Hidrocarburos CLH, SA (ordenanza 4.6), etc. O PXOU de 1993 non prevé necesariamente a obtención dos terreos aos que lle asigna esta ordenanza 4.

#### **ORDENANZA 3**

A ordenanza 3 denomínase de Equipamentos e ten as seguintes categorías:

- 3.1. VERDES E LIBRES.
- 3.2. DEPORTIVO.
- 3.3. CULTURAL E SOCIAL

“3.4.6. ORDENANZA 3.1. DE ZONAS VERDES E LIBRES.

##### **a. Definición**

Corresponde ós espazos xeralmente arboredos e axardinados que se destinan ó lecer e repouso da poboación e a súa salubridade, así como o illamento e protección de vías e de espazos de alta calidade natural en Solos Urbanos”.

Esta definición non se corresponde exactamente co que logo se representa nos planos de clasificación e cualificación, xa que, ademáis das zonas verdes claramente urbanas, se lle dá esta cualificación aos

*Parques Forestais existentes nos diferentes montes de Vigo (por exemplo o PARQUE FORESTAL DA MADROA, adxacente ao Zoolóxico).*

*En todo caso esta ordenanza é a que o PXOU93 aplica ás zonas verdes de uso público, non sempre de dominio público, como ocorre cos Parques Forestais existentes nos Montes Veciñais en Man Común.*

*b) Grados.*

*Dentro desta ordenanza distínguense os seguintes graos:*

*Por condicións de volume:*

*Grao A: Parques e Xardíns.*

*Grao B: Protección de Vías.*

*Grao C: Protección de Costas e Leitos*

#### **“3.4.7. ORDENANZA 3.2. DE ZONAS DEPORTIVAS.**

*a. Definición.*

*Corresponde ás zonas desitnadas a albergar edificios e instalacións deportivas ou de espectáculos asimilables, así como os usos complementarios da actividade principal. O uso predominante será o deportivo.*

*b. Graos.*

*Dentro desta Ordenanza establécense os seguintes graos:*

*– Por condición de volume:*

*Grao A: Único.*

*– Por condicións de uso:*

*Grao A: Único.*

*c. Condicións de volume.*

*As condicións de volume serán as seguintes:*

*– As aliñacións e rasantes serán fixadas polo presente Plano Xeral ou polos seus instrumentos de desenvolvemento.*

*– Fíxase unha edificabilidade máxima de 0,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.*

*– a altura máxima será de 4 metros, agás para os elementos que pola súa contextura e función (pavillóns, frontóns, etc) requiran alturas maiores.*

*– A ocupación máxima con edificacións será do 35%. A ocupación máxima con edificios e tratamentos superficiais (viario interior, aparcamentos, etc.) será do 70%. En consecuencia alomentos un 30% da superficie deberá ser tratado como solo libre axardinado.*

*d. Condicións de uso.*

*As condicións de uso regúlanse autorizando os seguintes usos:*

*1. Vivenda*

*Vivenda unifamiliar: só para gardería, en zonas maiores de 5.000 m<sup>2</sup>.*

*2. Garaxe aparcamento*

Anexo a outros usos: Categoría 1, 2, 3 e 4

3. Comercial

En edificio con outros usos que non sexan vivenda: Categoría 1.

4. Oficinas

En edificio con outros usos que non sexan vivenda: Categoría 1.

5. Lugares de reunión

Unicamente asociados ó uso dominante.

Locais abertos: Categoría única.

6. Deportivo

1. Locais pechados: Categoría 1, 2, 3 e 4.

2. Ó aire libre: Categoría única.

7. Sanitario

En edificio con outros usos: Categoría 1.

8. Servicios xerais

O Concello para edificacións destinadas a equipamentos que se poderían incluír na ordenanza 3.3, poderá utilizar solos que Terán como ordenanza de aplicación 3.2, e viceversa, aínda que sempre sen sobrepasar os valores máximos de edificabilidade e ocupación”.

**As parcelas 2, 3 e 4 están ocupadas por campos de fútbol.**

A parcela 2 do campo de Sampaio é utilizada polo clube de fútbol Club Descanso de Sampaio.

A parcela 3 do Campo do Candeán polos equipos de fútbol da Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán.

A parcela 4, o complexo deportivo da Madroa, son unhas instalacións utilizadas polo Real Club Celta de Vigo, existen 4 campos de fútbol e instalacións anexas (parte desta instalación está na parroquia de Candeán).

Existen en Vigo varios campos de fútbol en parcelas privadas, de asociacións ou de comunidades de montes, que teñen no PXOU de 1993 esta ordenanza 3.2, e que son utilizadas por diferentes equipos, na maior parte de fútbol. Non están abertas ao público en xeral, senón que constitúen instalacións de propiedade, ou de uso, de diferentes clubs deportivos privados. Estes campos non teñen no PXOU de 1993 consideración expresa de equipamentos públicos. En moitos casos trátase de equipamentos deportivos privados (campos de fútbol de Matamá de Penedo da Moo, Monte da Mina, San Miguel de Oia, Campo de A Bandeira, etc).

Parcela 5. Depósito de auga. Está clasificada coa ordenanza SNU4 Solo non urbanizable de protección da paisaxe e masas forestais. O PXOU de 1993 non prevía ningún equipamento público”.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)

- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común
- RD 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000)
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993)

## II. Presupostos da expropiación por ministerio da lei

De conformidade co disposto no artigo 86 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia *cando transcurrisen cinco anos dende a entrada en vigor do plan sen que se levase a efecto a expropiación dos terreos que estean destinados a sistemas xerais ou locais que non teñan que ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas, a persoa titular dos bens poderá advertir á Administración do seu propósito de iniciar o expediente do xusto prezo, que poderá levarse a cabo por ministerio da lei se transcorresen outros dous anos dende o momento de efectuar a advertenza. Para elo o propietario poderá presentar a correspondente folla de aprezo, e, se transcurriran tres meses sen que a Administración a acepte, aquel poderá dirixirse ao Xurado de Expropiación de Galicia, que fixará o prezo xusto.* En similares termos expresábase o artigo 99 da LOUGA.

Nos mesmos termos regúlase esta materia no artigo 203 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Á vista do preceptuado na dita normativa reguladora, para a aplicabilidade deste singular mecanismo expropiatorio, exíxese a concorrencia dun requisito temporal e de inactividade municipal, xunto co cumprimento dunhas premisas básicas: o destino do solo polo plan xeral en vigor a sistemas xerais ou locais; e a imposibilidade da súa obtención pola Administración como cesión obrigatoria, por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas. Polo tanto, para actuar no marco desta singular modalidade expropiatoria é necesario que os terreos afectados ostenten a referida cualificación e teña a Administración pública a obriga de adquirilos onerosamente por non resultar posible a súa obtención mediante os mecanismos da xusta distribución de beneficios e cargas previstos nos procesos de desenvolvemento urbanístico. Neses casos, a expropiación por ministerio da lei operará como un meca-

nismo de peche, protexendo o contido económico do dereito de propiedade afectado polo planeamento urbanístico cando este non poda satisfacerse pola vía da equidistribución.

Así as cousas, a concorrencia destes presupostos resulta necesaria en todo caso para o inicio “*ope legis*” dun eventual expediente expropiatorio, sendo unha exigencia legal para que o Xurado de Expropiación de Galicia poda realizar a súa función taxadora, pois a inexistencia do expediente expropiatorio comportará a imposibilidade de fixar o prezo xusto reclamado.

III. Exame, ao abeiro do planeamento urbanístico vixente, da advertenza e folia de aprezo formuladas neste expediente

A advertenza do inicio do expediente de expropiación forzosa por ministero da lei foi presentada pola CMVMC de Teis no Rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 23.01.2015 e tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo o día 28.01.2015, esto é, con anterioridade á sentenza do 10.11.2015 do Tribunal Supremo, recaída no recurso de casación n.º 1658/2014 pola que se declarou a nulidade de pleno dereito das ordes do 16.05.2008 da Conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de aprobación definitiva e parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (orde publicada no DOG n.º. 106, de 03.06.2008 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º. 151 - suplemento, de 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 (orde publicada no DOG n.º. 144, de 24.07.2009 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º. 175, de 10.09.2009) de aprobación do documento de cumprimentación das deficiencias observadas na orde do 16 de maio de 2008. A dita advertenza partiu da clasificación atribuída polo PXOM/08 aos terreos que nela se describen.

Sen embargo, por mor do alcance e significación do faio da referida sentenza do 10.11.2015, así como doutras sobre as que proxectou os seus efectos, declarada xudicialmente a nulidade de pleno dereito do PXOM/08, produciuse a reviviscencia do Plan Xeral aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (PXOU1993), e que está constituído polo denominado *Expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU-88 á Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia* (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

Desta forma, o presente expediente ten que ser examinado á luz das determinacións urbanísticas contidas no nomeado PXOU-93, tendo en conta os efectos “*ex tunc*” daquela declaración xudicial de nulidade que se estende incluso aos efectos derogatorios que a aprobación definitiva do PXOM/08 puido desprezar no seu momento (STS do 15.09.2015 e 14.07.2014, entre outras).

Pola súa parte, a folia de aprezo formulada pola CMVMC de Teis parte de que os terreos de referencia están destinados a sistemas xerais polo PXOU-93, segundo afirma, e acompaña un informe de valoración que nada expresa sobre este punto e que se limita a afirmar que están clasificados polo PXOU-93 como solo urbano consolidado (categorización descoñecida para un instrumento elaborado durante a vixencia da LASGA, o que obriga a acudir á disposición transitoria primeira da LSG), e elo sen prexuízo de que, aos efectos expropiatorios, tanto o TRLS2015 como o Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo, sentan as bases valorativas con independencia da clasificación do solo pois unicamente consideran a súa situación básica, cuestión tampouco referida no dito informe.

Non obstante, de conformidade co informado o día 09.05.2017 pola arquitecta municipal, non pode considerarse que o PXOU-93 tivera previsto o destino a sistema xeral das parcelas descritas na advertenza e folia de aprezo presentadas pola CMVMC de Teis, ao non contemplarse nel, ben o seu destino a equipamento, ben a súa necesaria condición de público. Ademais, debe considerarse que unha parte dese solo estaría clasificado como solo non urbanizable no PXOU-93 e resultaríalle de aplicación o ré-



xime do solo rústico, por mor da citada disposición transitoria primeira, apartado 2. da LSG, quedando sustraídos dos procesos de desenvolvemento urbanístico (STS do 22.12.2015 e 07.07.2014, entre outras).

Xa que logo, non pode admitirse a existencia de ningún dos presupostos exixidos no artigo 86 da LSG e concordantes para que poda iniciarse o expediente expropiatorio por ministerio da lei, polo que, non podendo considerarse idónea a folla de aprezo presentada pola CMVMC de Teis a tal efecto, carece de toda virtualidade e non procede pronunciarse sobre a valoración que nesta se consigna. Pola mesma razón, non procederá afondar sobre a situación xurídica deses solos nin sobre se o dereito que sobre eles ostenta o Concello de Vigo pode enervar calquera sorte de modalidade expropiatoria.

No senso exposto e visto que, só no caso de que concorreran os presupostos legalmente establecidos podería considerarse iniciado "*ope legis*" o pretendido expediente expropiatorio, non sendo esta a situación producida, esta Administración municipal non ten limitadas as súas facultades para reaccionar fronte a unha eventual folla de aprezo. En consecuencia, ante as circunstancias expostas, esta Administración debера manifestar a inviabilidade da expropiación por ministerio da lei e, conseguintemente, a improcedencia de calquera pretensión que presupón ou inste o seu inicio (neste senso, STS do 27.11.2015, 26.10.2011, 22.04.2016 e 20.12.2011) .

#### IV. Órgano competente

É competente para adoptar o presente acordo a Xunta de Goberno Local en virtude do preceptuado no artigo 127.1.d) da LRBRL, a proposta do Consello da XMU (artigo 10º dos Estatutos da XMU).

Polo anteriormente exposto, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a improcedencia da expropiación por ministerio da lei dos terreos referidos nos escritos presentados por D. Eduardo García Crespo, actuando en nome e representación da CMVMC de Teis, con entrada no Rexistro xeral da XMU os días 28.01.2015 (doc. 150011262) e 28.04.2017 (doc. 170061187) - presentados no Rexistro xeral da Xunta de Galicia os días 23.01.2015 e 26.04.2017, respectivamente-, e conseguintemente, do su inicio, de acordo cos fundamentos *supra* transcritos.

SEGUNDO: Notificar este acordo á interesada, significándolle que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou, no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, contados ambos dende o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere convenientes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

Con data 18/05/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo acorda "elear o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución".

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **23(495).- INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 98714/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/05/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSF.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSF.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, de 12 de abril de 2017 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, de 12 de abril de 2017 (PPT).
- Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 12 de abril de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aproba-lo expediente incoado para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical (expediente 98714-210); aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexe-lo mesmo; autoriza-lo gasto de dito contrato e abri-lo procedemento de licitación para a selección do contratista.

**Segundo.-** En data 26 de abril de 2017, se anuncia a licitación no perfil de contratante do Concello de Vigo.

En data 28 de abril de 2017, a licitación foi publicada no Diario Oficial da Unión Europea, abríndose con esta publicación o prazo de presentación de ofertas, que finalizará o día 7 de xuño de 2017.

Foi obxecto de publicación, así mesmo, nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial de Galicia, en data 8 de maio de 2017.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 9 de maio de 2017.
- No Boletín Oficial do Estado, en data 11 de maio de 2017.

**Terceiro.-** En data 18 de maio de 2017, D. Miguel Ángel López-Medel Báscones, en nome e representación de HIEZ HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK, S.A. (en adiante HIEZ ou o recurrente) interpon, no Rexistro do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC ou o Tribunal), recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

**Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

E obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo.

**-II-**

### **Legislación aplicable**

E preciso comezar por determina-la lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**-III-**

### **Competencia do TACRC para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministro, de servizos, de colaboración entre o Sector Público e o Sector Privado e acordos marco, suxeitos a regulación harmonizada.
- Contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II desta Lei o valor o cal estimado sexa igual ou superior a 209.000 euros .
- Contratos de xestión de servizos públicos nos que o valor económico da concesión é superior a 5.225.000 euros (Resolución 569/2016 del TACRC).

Este precepto na actualidade, finalizado o prazo de transposición da Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, hai que interpretalo tendo en conta que a mesma goza de efecto directo dende o 18 de abril de 2016.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolve-los recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda y Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, se atribúe pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais “a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1, 43 e 47 do TRLCSP (...)”, convenio que foi obxecto de prórroga e está vixente na actualidade.

#### -IV-

#### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ó Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, en caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto ós **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexe-la contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continua-lo procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos podes adxudicadores.

Así, o prego de cláusulas administrativas particulares é susceptible deste recurso.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales se vivon prexudicados ou podan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública,

senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e a doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir. Se ben neste caso o recurrente non presentou a oferta, é un potencial licitador. En consecuencia, hai que recoñecerlle lexitimación activa.

**C) Como requisitos formais** a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especifica-lo acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). En cumprimento deste requisito a UTE anunciou a esta Administración, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de 9 de maio de 2017, a intención de interpoñer recurso especial. Escrito que reúne os requisitos esixidos pola lei.

o escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase consta-lo acto recurrido, o motivo en que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recurrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción das cales solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por térsela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente no que recaiga ou do xornal oficial ou perfil de contratante no que foi publicado.
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recurrente no Rexistro do TACRC o día 18 de maio de 2017.

**D) Por último, respecto ós requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP).

Conforme ó artigo 19 do RD 814/2015 cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel en que se publicara en forma legal a convocatoria da licitación se nela se fixo constar a publicación dos pregos na Plataforma de Contratación do Sector Público ou o lugar e forma para acceder directamente ó seu contido. Como se trata dun contrato suxeito a regulación armonizada, o cómputo do prazo se inicia tra-la súa publicación no DOUE. Dado que a licitación foi publicada no DOUE en data 28 de abril de 2017, e que dende o día 26 os pregos estaban dispoñibles no perfil de contratante do Concello de Vigo, o escrito de recurso presentado en data 18 de maio no Rexistro do TACRC foi interposto en prazo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esoxidos pola lei, polo que non procede solicitar do mesmo a súa inadmisión.

Nos fundamentos xurídicos seguintes se analizará o fondo da cuestión plantexada polo recurrente.

-V-

#### Motivos de impugnación da resolución recurrida

O Sr. López-Medel, en nome e representación de HIEZ, formula unha única alegación: que o PCAP impugnado non esixe unha clasificación alternativa para acredita-la solvencia económica e financeira e técnica e profesional. Esta circunstancia considera que contraven os principios de igualdade e libre concorrência que rexen a contratación pública.

Para poder contratar co sector público, a lei esixi ós contratistas unha determinada aptitude para contratar, deben reuni-los seguintes requisitos (artigo 54 TRLCSP):

- Ser persoa natural ou xurídica con plena capacidade de obrar.
- Non estar incurso en prohibición para contratar.
- Acredita-la solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou nos casos en que así o esixa a Lei, estar debidamente clasificado e inscrito no Rexistro Oficial de Contratistas.
- Contar coa habilitación empresarial ou profesional esixible para a actividade.

Nos centraremos na solvencia. Dado que os contratos do sector público gardan relación directa co interese público e o seu prezo, no seu caso, se abona con fondos públicos, o lexislador estableceu unha serie de controles previos, co obxecto de garantir que os adxudicatarios dos mesmos reúnan as condicións de solvencia precisas para garanti-la normal execución dos mesmos. Así, para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas, de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando ésta sexa esixible conforme á Lei (artigo 62)

Desta forma, o contratista deberá acreditar:

- A súa solvencia económica e financeira, que demostre a súa capacidade para facer fronte ás necesidades económicas e á operacións financeiras necesarias para cumprir-lo contrato.
- A súa solvencia técnica ou profesional, que probe a súa capacidade técnica en relación ó tipo de contrato a adxudicación da cal pretende.

A clasificación indica o tipo de contratos á adxudicación da cal pode concurri-lo contratista e ata qué contías totais, a efecto do cal se diferencian os contratos en grupos e subgrupos, e dentro destes por categorías, en función da súa contía. O artigo 67 establece os criterios aplicables e as condicións para a clasificación.

A solvencia foi reformada pola Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica, que eliminou a esixencia de clasificación para os contratos de servizos, como o que nos ocupa, se ben a súa eficacia quedou demorada ata a aprobación do desenvolvemento regulamentario polo Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Na actualidade a lei só esixe a previa clasificación do contratista en relación ós contratos de obras o valor estimado dos cales sexa igual ou superior a 500.000 euros (artigo 65).

Os requisitos mínimos de solvencia que deba reuni-lo empresario estarán vinculados ó obxecto do contrato e ser proporcionais ó mesmo. A lei especifica a documentación precisa para acreditar cada unha das solvencias esixidas. O órgano de contratación, nos pregos deberá especifica-la documentación requerida para acredita-los mesmos, a cal deberá indicarse tamen no anuncio de licitación. Nesta liña, o artículo 8.4.3º do PCAP establece, con relación á acreditación da solvencia:

“- Solvencia económica e financeira:

Se acreditará, indistintamente, por calquera dos seguintes medios agás que no apartado 6.B das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración do volume anual de negocio. Se considerará con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.
- Documento acreditativo de posuí-la clasificación esixida no apartado 6.A das FEC.

- Solvencia técnica e profesional:

Se acreditará, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, agás que no apartado 6.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían ó obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Se considerará acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados se acreditarán mediante certificados a expedir ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado a expedir por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
- Documento acreditativo de posuí-la clasificación esixida no apartado 6.A das FEC”.

Sen embargo, no apartado 6.A das FEC, omítiuse o fixa-la clasificación alternativa. E tendo en conta que a CPV do contrato é 50232200-2 “Servizos de mantemento de sinais de tráfico (apartado 2.B das FEC), o cal se corresponde co Subgrupo de clasificación O-2, tal e como



se determina no Anexo II do RLCAP, tivese procedido fixa-la clasificación “grupo O, subgrupo 2”, (artigo 37.1 RLCAP), categoría 5, pois a contía do contrato é superior a 1.200.000 euros (artigo 38 RLCAP). E tal como establece o artigo 65.1.b do TRLCSP “No anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato se establecerán os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional tanto nos termos establecidos nos artigos 75 e 78 da Lei como en termos de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima esixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación de algun dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para iso ó código CPV do contrato”. Se ben, a omisión da mesma non impide ó licitador, aplicando os preceptos legais e a información contida no prego, determina-la clasificación alternativa para acredita-la súa solvencia. Nesta liña, o Informe 16/15 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, relativo ó Proxecto de reforma do RLCAP dí que **“a determinación do CPV dun contrato efectuada polo órgano de contratación determinará de modo inequívoco a súa correspondencia con algún dos subgrupos de clasificación establecidos, ou ben a súa non correspondencia con ningún deles”** (páxina 3). En consecuencia, non se vulnerou o principio de igualdade nin o de concorrencia. E máis, o consignar unha clasificación alternativa facilita ós licitadores clasificados acredita-la súa solvencia dun modo máis rápido e sinxelo, aportando únicamente o certificado de clasificación, documento que por outra parte debe obter a administración de oficio, en virtude do disposto no artigo 28.2 LPAC. Pero o non consignala non lles impide participar na licitación acreditando a súa solvencia polos medios fixados polo órgano de contratación de entre os previstos nos artigos 75 a 78 do TRLCSP, ou ben a través da clasificación, a cal, como se dixo, se pode obter facilmente cos datos recollidos no prego: o código CPV (apartado 2.B das FEC) e o presuposto base de licitación (apartado 3.B das FEC). De feito, o propio artigo 65.1.b, tras determinar que os licitadores poden acredita-la súa solvencia indistintamente por un ou outro medio, finaliza aclarando que “En defecto destes (medios de acreditación fixados nos pregos), a acreditación da solvencia se efectuará cos requisitos e polos medios que regulamentariamente se establezcan en función da natureza, obxecto e valor estimado do contrato, medios e requisitos que terán carácter supletorio respecto dos que no seu caso figuren nos pregos”. E dicir, que se o órgano de contratación, pola razón que sexa, omite o consignar estes medios, supletoriamente se aplicarán os medios fixados regulamentariamente. O RLCAP regula os mesmos no seu artigo 11.4.

Podemos concluir que o licitador, a pesar de que no prego non se consigna a clasificación alternativa, pode determinar fácilmente cal corresponde a este contrato cos datos consignados no mesmo. De feito, consta que o fixo, tal e como argumenta no seu escrito de recurso. Non se vulneran os principios de igualdade e concorrencia con iso. Cosa diferente sería se unha vez aberta a licitación non fose admitido na mesma por non acredita-la súa solvencia tendo aportado o certificado de clasificación.

A única consecuencia de non ter consignado a clasificación alternativa, no peor dos casos, sería que o licitador primeiro clasificado unha vez valoradas as ofertas, tivese que acredita-la súa solvencia presentando a documentación prevista na cláusula 8.4.3º. Pois non olvidemos que ata a aprobación da Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización, os licitadores debían acredita-la súa aptitude para contratar, aportando a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP no primeiro sobre. Esta lei, para facilita-lo acceso dos autónomos e as pequenas e medianas empresas ás licitacións do sector público, modificou o TRLCSP eliminando formalismos. Para contratos a partir de determinada contía os licitadores únicamente debían aportar unha declaración responsable manifestando reuni-los requisitos esixidos para a licitación de que se trate, se ben, se deixaba aberta a posibilidade de que o órgano de contratación extendise esta posibilidade a

tódolos contratos (artigo 146.4 do TRLCSP) . Se difire para un momento posterior a acreditación dos mesmos. Xeralmente só se require esta acreditación ó licitador clasificado en primeiro lugar. Se ben, excepcionalmente, a Mesa, de consideralo necesario, pode solicita-la acreditación da mesma ós licitadores en calquera momento. Esta declaración responsable, tra-la entrada en vigor da Directiva 2014/24 xeneralizouse a tódolos contratos, con independencia da súa contía. Na actualidade, a aportación da documentación que acredite a aptitude para contrata-la realización unicamente o primeiro clasificado conxuntamente coa aportación da documentación requerida no artigo 151 para a adxudicación do contrato. Así pois, ó non ter consignado a clasificación alternativa pode considerarse unha irregularidade non invalidante pero non unha causa de nulidade do prego que poda dar lugar á estimación do recurso.

A vista do exposto, a xuízo da informante, procede propoñer ó Tribunal a desestimación da alegación do escrito de recurso.

## **-VII-**

### **Conclusionés**

A vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da que suscribe procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso, pois, tal e como se manifestou no fundamento xurídico IV, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei para a súa admisión.

Con respecto ó fondo do recurso, unha vez analizado, no fundamento xurídico VI deste informe, o motivo alegado polo recurrente para a impugnación do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas por HIËZ, no seu escrito de recurso.

## **-IX-**

### **Medidas cautelares**

Solicita o recurrente, no segundo otrosí do seu escrito de recurso, que se impoña a medida cautelar de suspensión do procedemento. Se ben esta medida é de obrigada adopción polo tribunal unicamente en caso de que a impugnación o sexa do acto de adxudicación do procedemento, esta Administración nada ten que obxectar ó respecto, pois lle parece aconsellable a suspensión do procedemento en aras da seguridade xurídica.

## **-X-**

### **Acordo**

En mérito ó exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aproba-lo presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais”.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(496).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO QUE REGULA A COBERTURA DE RISCOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS A MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7969/445.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/05/17 e o informe de fiscalización do 23/05/17, dáse conta do informe-proposta do 5/05/17, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Viais, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### ***Antecedentes***

*1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 08/08/2013, aprobou os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a contratación da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal.*

*2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 10/12/2013, adxudicou a Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., o contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, por un importe de 411.893.75 €.*

*3.- En data 30/12/2013, formalizouse o contrato entre o Concello de Vigo e Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., para a cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal. O prazo do citado contrato queda definido dende as 00.00 horas do 01/01/2014 ata as 24.00 horas do 31/12/2015, podendo prorrogarse o contrato por acordo expreso do órgano de contratación por períodos anuais, cun máximo de dúas prorrogas.*

*4º.- Con data 01/01/2016 a empresa Mapfre Familiar Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. pasou a denominarse Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.. Por tanto, a partir desta data cambia o nome do adxudicatario do contrato de cobertura de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal pasando a ser Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.*

*5º.- En data 06/11/2015, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de “Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo” nas seguintes condicións:*

- Danse de baixa do contrato orixinal dez (10) vehículos por importe minorado en primas individuais de 10.191,10 €*

- Danse de alta do contrato orixinal vinteún (21) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 20.028,19 €
- A diferenza entre os incrementos e as minoracións é de 9.788,19 €, que corresponde co incremento modificado que se aproba do importe anual do contrato.
- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de 4,75 % de incremento.

6º.- Con data 12/02/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha segunda "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" nas seguintes condicións:

- Danse de alta do contrato en vigor oito (8) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 4.563,07 €
- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de 6,97 % de incremento (inclúese o porcentaxe de incremento da primeira modificación do contrato)

7º.- Con data 29/06/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha terceira "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" nas seguintes condicións:

- Danse de baixa do contrato en vigor oito (17) vehículos por importe minorado en primas individuais de 19.171,76 €
- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de -2,34 % de incremento (inclúese o porcentaxe de incremento da primeira e da segunda modificación do contrato)

8º.- Con data 29/12/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha cuarta "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" nas seguintes condicións:

- Corríxense os erros detectados nas modificacións segunda e terceira axustando primas de altas e baixas á situación real incrementándose o contrato en 13.836,38 €
- Danse de alta do contrato en vigor tres (3) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 4.265,83 €
- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de +6,42 % de incremento (inclúese o porcentaxe de incremento das anteriores modificacións do contrato)

9º.- Con data 23/03/2017, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha quinta "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" nas seguintes condicións:

- Danse de baixa do contrato en vigor once (11) vehículos por importe minorado en primas individuais de 15.286,15 €
- Danse de alta do contrato en vigor trece (13) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 8.410,22 €
- A diferenza entre os incrementos e as minoracións é de 6.875,63 €, que corresponde co decremento modificado que se aproba do importe anual do contrato.

- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de 3,08 % de incremento.

10º.- No parque móbil hai, actualmente once vehículos que xa non están en condicións de prestar servizo, pola súa antigüidade ou por estar obsoletos para os traballos. Estes vehículos, coas súas respectivas primas anuais de seguros son os seguintes:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	PO 2952 BM	144,60 €
2	3944 GCV	106,70 €
3	3942 GCV	106,70 €
4	PO 0699 BF	317,70 €
5	9798 DRX	141,50 €
6	5672 BKH	106,70 €
7	3276 CFP	229,90 €
8	PO 2204 BN	142,10 €
9	PO 2205 BN	142,10 €
10	PO 2513 BN	142,10 €
11	6736 BDF	330,38 €
	TOTAL	1.910,48 €

11º.- Hai tamén actualmente 4 vehículos que se incorporan ao Parque Móbil municipal, polos seguintes motivos:

- No caso do vehículo 1 do nº de orde da seguinte táboa, a Xunta de Goberno Local aprobou en sesión extraordinaria e urxente DE 30/12/2016 a adquisición dun vehículo "Dúmpier" para transporte de material de obra.
- No caso dos vehículos do 2, 3 e 4 do nº de orde da seguinte táboa, os vehículos proveñen da flota xestionada polo Instituto Municipal de deportes xa que no Pleno do Concello de Vigo de data 26/10/2015 acordou "a xestión directa do servizo de Deportes prestado ata agora en réxime de organismo autónomo" con validez a partir do 01/01/2016. Por tanto, dende esta data os vehículos pasan a ser de titularidade municipal.

nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	DÚMPER (PENDENTE MATRÍCULA)	1.163,46 €
2	2531 DRN	608,53 €

3	8963 DXH	677,74 €
4	9725 HDZ	419,41 €
	TOTAL	2.869,14 €

## **FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

1.- O artigo 106 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 4 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCS) regula as modificacións previstas na documentación que rixe a licitación.

Así establece que “os contratos do sector público poderán modificarse sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se teña advertido expresamente de esta posibilidade e se teñan detallado de forma clara, prevista e inequívoca ás condicións en que poderá facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poidan acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que teña que seguirse para elo”.

2.- O PCAP na súa cláusula nº 21 regula que o Órgano de contratación poderá modificar o contrato por novas altas, baixas ou cambios de usos dos vehículos da flota do Concello, cun límite máximo de incremento do custe da póliza polas modificación que non superara o 8,925 % do prezo inicial do contrato.

3.- Competencia.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCS a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º.- Dar de baixa dez (11) vehículos, os cales xa non están en condicións de prestar servizo, ben sexa pola súa antigüidade ou ben por quedar obsoletos para os traballos.

Estes vehículos cuxas primas a rebaixar para o ano 2017 de seguro correspondentes son os seguintes:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	PO 2952 BM	144,60 €
2	3944 GCV	106,70 €
3	3942 GCV	106,70 €
4	PO 0699 BF	317,70 €
5	9798 DRX	141,50 €
6	5672 BKH	106,70 €
7	3276 CFP	229,90 €
8	PO 2204 BN	142,10 €

9	PO 2205 BN	142,10 €
10	PO 2513 BN	142,10 €
11	6736 BDF	330,38 €
	TOTAL	1.910,48 €

2º.- Dar de alta catro (4) vehículos. Estes vehículos cuxas primas anuais de seguro correspondentes son os seguintes:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	DÚMPER (PENDENTE MATRÍCULA)	1.163,46 €
2	2531 DRN	608,53 €
3	8963 DXH	677,74 €
4	9725 HDZ	419,41 €
	TOTAL	2.869,14 €

**3.- Proposta:**

Á vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta, previo informe da Asesoría xurídica Municipal e da Intervención Xeral:

Primeiro: Dar de baixa once (11) vehículos no contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, coas seguintes condicións económicas:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	PO 2952 BM	144,60 €
2	3944 GCV	106,70 €
3	3942 GCV	106,70 €
4	PO 0699 BF	317,70 €
5	9798 DRX	141,50 €
6	5672 BKH	106,70 €
7	3276 CFP	229,90 €

8	PO 2204 BN	142,10 €
9	PO 2205 BN	142,10 €
10	PO 2513 BN	142,10 €
11	6736 BDF	330,38 €
	TOTAL	1.910,48 €

Segundo: Dar de alta catro (4) vehículos no contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal coas seguintes condicións económicas:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	DÚMPER (PENDENTE MATRÍCULA)	1.163,46 €
2	2531 DRN	608,53 €
3	8963 DXH	677,74 €
4	9725 HDZ	419,41 €
	TOTAL	2.869,14 €

Terceiro: Aprobar a modificación do contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, adxudicado a Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., de acordo as baixas solicitadas e atendendo aos seguintes datos:

Importe anual inicial do contrato	205.946,89 €
Incremento do contrato aprobado con data 06/11/2015	+ 9.788,19 €
Incremento do contrato aprobado con data 12/02/2016	+ 4.563,07 €
Decremento do contrato aprobado con data 29/06/2016	- 19.171,76 €
Incremento do contrato aprobado con data 29/12/2016	+ 18.037,34 €
Decremento do contrato aprobado con data 24/03/2017	- 6.875,63 €
Novo decremento por baixa de 11 vehículos	- 1.910,48 €



<i>Novo incremento por alta de 4 vehículos</i>	+ 2.869,14 €
<b>Total (novo importe do contrato)</b>	<b>213.246,76 €</b>
<i>Incremento porcentaxe sobre o importe inicial</i>	+ 3,54 %

O novo importe do contrato terá un importe de 213.246,76 €, o cal constitúe o incremento dun 3,54 % sobre o prezo inicial do contrato.

Dito importe será de aplicación na aplicación orzamentaria 9202.224.00.00 "Seguro de vehículos"

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(497).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.